

faga constar no Rexistro de venda a prazos de bens mobles.

5. O arrendador financeiro terá o dereito de abstención do convenio de acredores, regulado no artigo 22 da Lei de suspensión de pagamentos, e poderán exercer-las dereitos recoñecidos na lei de forma separada.

Nos supostos de quebra ou concurso de acredores, os bens cedidos en arrendamento financeiro non se incluírán na masa, e deberanse pór á disposición do arrendador financeiro, logo de recoñecemento xudicial do seu dereito.

O disposto nos parágrafos precedentes entenderase sen prexuízo do dereito do arrendador financeiro ó cobro das cotas a deber na data da declaración do estado legal de suspensión de pagamentos, quebra, concurso de acredores e quitación e espera do arrendamento financeiro, na forma prevista na Lei para os ditos supostos.

6. Os contratos de arrendamento financeiro inscribíranse nunha sección especial do Rexistro de venda a prazos de bens mobles.

Disposición adicional segunda. Anotación preventiva de demanda e embargo.

Cando o mandamento xudicial ordene a práctica dunha anotación preventiva de embargo ou, se é o caso, de demanda de propiedade, dun ben moble non inscrito, o acredor ou demandante poderá solicitar do xuíz, no mesmo procedemento, que requira do debedor ou demandado a inscrición previa e o depósito ou secuestro xudicial do ben, baixo advertencia de que, noutro caso, a dita anotación abrirá folio no Rexistro de venda a prazos de bens mobles para asegura-la execución da resolución xudicial.

A dita anotación terá unha vixencia de catro anos e, unha vez transcorrido o prazo, cancelarase de oficio ou por instancia de calquera interesado, se non consta no Rexistro a súa prórroga.

As mesmas regras aplicaráselles ós procedementos administrativos de constrinximento, conforme a súa propia natureza.

Disposición adicional terceira. Rexistro de bens mobles.

O Rexistro de venda a prazos de bens mobles integrarase no futuro Rexistro de bens mobles, a cargo dos rexistradores da propiedade e mercantís, conforme dispoña o seu regulamento.

Disposición transitoria única.

Os contratos de venda a prazos de bens mobles, nados ó abeiro da Lei 50/1965, do 17 de xullo, rexeíranse polas súas disposicións. Non obstante, os contratos inscritos no Rexistro que nacesen baixo o mandado da Lei 50/1965, rexeíranse pola presente lei en todo canto non se opoña ó disposto naquela.

Para os efectos da aplicación a estes contratos do procedemento previsto no artigo 16.2 desta lei, servirá de tipo da primeira poxa o prezo de venda ó contado segundo conste estipulado neles.

Disposición derogatoria única.

1. Derrógase a Lei 50/1965, do 17 de xullo, sobre venda a prazos de bens mobles.

2. Derrógase a disposición derradeira segunda da Lei 7/1995, do 23 de marzo, de crédito para o consumo.

3. Derrógase o Decreto 1193/1966, do 12 de maio, polo que se dictan disposicións complementarias da Lei 50/1965, sobre venda a prazos de bens mobles.

4. Fica en vigor a orde do 15 de novembro de 1982, pola que se aprobou a Ordenanza para o Rexistro de venda a prazos de bens mobles, en todo aquilo que non se opoña á presente lei.

5. Fican sen efecto cantas normas de igual ou inferior categoría se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Habilitación ó Goberno.

O Goberno, por proposta conxunta dos ministros de Xustiza e de Economía e Facenda, dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira segunda. Habilitación ó ministro de Xustiza.

O ministro de Xustiza dictará as disposicións relativas á organización e funcionamento do Rexistro de venda a prazos de bens mobles.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ós sesenta días da súa publicación «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

16718 LEI 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. («BOE» 167, do 14-7-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. Xustificación da reforma

A xurisdicción contencioso-administrativa é unha peza capital do noso Estado de dereito. Desde que foi instaurada no noso solo polas leis do 2 de abril e 6 de xullo de 1845, e ó longo de moitas vicisitudes, deu mostra abonda das súas virtualidades. Sobre todo desde que a Lei do 27 de decembro de 1956 a dotou das características que hoxe ten e das atribucións imprescindibles para asumir-la misión que lle corresponde de controla-la legalidade da actividade administrativa, garantindo os dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns fronte ás extralimitacións da Administración.

A dita lei, en efecto, universalmente apreciada polos principios nos que se inspira e pola excelencia da súa técnica, que combina á perfección rigor e sinxeleza, acertou a xeneraliza-lo control xudicial da actuación administrativa, aínda que con algunhas excepcións notorias que impoñía o réxime político baixo o que foi aprobada. Ractificou con énfase o carácter xudicial da orde contencioso-administrativa, xa establecida pola lexislación

precedente, preocupándose pola especialización dos seus maxistrados. E deu luz a un procedemento simple e en teoría áxil, coherente co seu propósito de lograr unha xustiza eficaz e allea a interpretacións e prácticas formalistas que puidesen enerva-lo seu bo fin. Desta maneira, a Lei da xurisdicción contencioso-administrativa de 1956 abriu unha vía necesaria, aínda que non suficiente, para enche-las numerosas lagoas e limitacións históricas do noso Estado de dereito, oportunidade que foi adecuadamente aproveitada por unha xurisprudencia innovadora, alentada polo espectacular desenvolvemento que experimentou a doutrina española do dereito administrativo.

Emporiso, as catro décadas transcorridas desde que aquela lei se aprobou trouxeron consigo numerosos e transcendentais cambios, no ordenamento xurídico, nas institucións político-administrativas e na sociedade. Estes cambios esixen, para acadalos mesmos fins institucionais, solucións necesariamente novas, pois, non obstante a versatilidade de boa parte do seu articulado, a Lei de 1956 non está axustada á evolución do ordenamento e ás demandas que a sociedade lle dirixe á Administración de xustiza.

Ante todo, hai que ter en conta o impacto producido pola Constitución de 1978. Se ben algúns dos principios en que esta se funda son os mesmos que inspiraron a reforma xurisdiccional de 1956 e que foi deducindo a xurisprudencia elaborada ó seu abeiro, é evidente que as consecuencias que o texto constitucional depara verbo do control xudicial da actividade administrativa son moi superiores. Só a raíz da Constitución de 1978 se garanten no noso país plenamente os postulados do Estado de dereito e, entre eles, o dereito de toda persoa á tutela xudicial efectiva dos seus dereitos e intereses lexítimos, o sometimento da Administración pública á lei e ó dereito e o control da potestade regulamentaria e da legalidade da actuación administrativa polos tribunais. A proclamación destes dereitos e principios na Constitución e a súa eficacia xurídica directa produciron a derogación implícita daqueles preceptos da Lei xurisdiccional que establecían limitacións no acceso ós recursos ou na súa eficacia carentes de xustificación nun sistema democrático. Pero o alcance deste efecto derogatorio en relación a algúns extremos da Lei de 1956 seguiu sendo obxecto de polémica, o que facía moi conveniente unha clarificación legal. Ademais, a xurisprudencia, tanto constitucional como contencioso-administrativa, extraeu dos principios e preceptos constitucionais outras moitas regras, que impoñen determinadas interpretacións da dita lei, ou mesmo sosteñen potestades e actuacións xudiciais non recollidas expresamente no seu texto. Por último, a influencia da Constitución no réxime da xurisdicción contencioso-administrativa non se reduce ó que dispoñen os artigos 9.1, 24, 103.1 e 106.1. De maneira máis ou menos mediata, a organización, o ámbito e extensión material e o funcionamento desta orde xurisdiccional vese afectado por outras moitas disposicións constitucionais, tanto as que regulan principios substantivos e dereitos fundamentais, como as que deseñan a estrutura da nosa Monarquía parlamentaria e a organización territorial do Estado. Como o resto do ordenamento, tamén o réxime legal da xurisdicción contencioso-administrativa se debe adecuar por enteiro á letra e ó espírito da Constitución.

Por outra parte, durante os últimos lustros a sociedade e a Administración españolas experimentaron enormes transformacións. A primeira é hoxe incomparablemente máis desenvolvida, máis libre e plural, emancipada e

consciente dos seus dereitos ca hai corenta anos. Mentres, a Administración reducida, centralizada e xerarquizada de antano converteuse nunha organización extensa e complexa, dotada de funcións múltiples e considerables recursos, descentralizada territorial e funcionalmente. Ó fío destas transformacións variaron en boa medida e diversificáronse as formas xurídicas da organización administrativa, os fins, o contido e as formas da actividade da Administración, os dereitos que as persoas e os grupos sociais teñen fronte a ela e, en definitiva, o sistema de relacións rexido polo dereito administrativo.

Todos estes cambios repercuten dunha ou outra forma sobre a xurisdicción contencioso-administrativa. Concebida en orixe como xurisdicción especializada na resolución dun limitado número de conflitos xurídicos, sufriu ata a saturación o extraordinario incremento da litixiosidade entre cidadáns e administracións e destas entre si que se produciu nos últimos tempos. Neste aspecto os problemas son comúns ós que os sistemas de control xudicial da Administración están soportando noutros moitos países. Pero ademais, o instrumental xurídico que no noso se lle outorga á xurisdicción para o cumprimento dos seus fins quedou relativamente desfasado. En particular, para someter a control xurídico as actividades materiais e a inactividade da Administración, pero tamén para facer executar con prontitude as propias decisións xudiciais e para adoptar medidas cautelares que aseguren a eficacia do proceso. Velaí que, malia o aumento dos efectivos da xurisdicción, malia o esforzo creativo da xurisprudencia, malia o desenvolvemento da xustiza cautelar e malia outros remedios parciais, a xurisdicción contencioso-administrativa estea atravesando un período crítico ante o que é preciso reaccionar mediante as oportunas reformas.

Algunhas delas, certamente, xa as veu afrontando o lexislador en diferentes textos, máis afastados ou recentes. De feito, as normas que modificaron ou que complementan nalgún aspecto o réxime da xurisdicción son xa tan numerosas e dispersas que xustificárian en por si unha refundición.

A reforma que agora se aborda, que toma como base os traballos parlamentarios realizados durante a anterior lexislatura —nos que se acadou un estimable grao de consenso en moitos aspectos—, vai bastante máis aló. Dun lado ten en conta esas modificacións parciais ou indirectas, pero non só para as incorporar a un texto único, senón tamén para corrixir aqueles dos seus elementos que a práctica xudicial ou a crítica doutrinal revelaron inapropiados ou susceptibles de mellora. Doutro lado, pretende completa-la adecuación do réxime xurídico do recurso contencioso-administrativo ós valores e principios constitucionais, tomando en consideración as achegas da xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo, a nova organización do Estado e a evolución da doutrina xurídica. Por último, persegue dota-la xurisdicción contencioso-administrativa dos instrumentos necesarios para o exercicio da súa función, á vista das circunstancias en que hoxe en día se enmarca.

Desde este último punto de vista, a reforma compaxina as medidas que garanten a plenitude material da tutela xudicial na orde contencioso-administrativa e o criterio favorable ó exercicio das accións e recursos e á defensa das partes, sen ningunha concesión a tentacións formalistas, coas que teñen por finalidade axiliza-la resolución dos litixios. A preocupación por conseguir un equilibrio entre as garantías, tanto dos dereitos e intereses públicos e privados en xogo como do acerto e calidade das decisións xudiciais, coa celeridade dos

procesos e a efectividade do xulgado constitúe un dos eixes da reforma. Pois é evidente que unha xustiza tardía ou a meramente cautelar non satisfán o dereito que recoñece o artigo 24.1 da Constitución.

De certo é verdade que lograr unha xustiza áxil e de calidade non depende soamente dunha reforma legal. Tamén é certo que o control da legalidade das actividades administrativas pode e debe exercerse así mesmo por outras vías complementarias da xudicial, que sería necesario perfeccionar para evita-la proliferación de recursos innecesarios e para ofrecer fórmulas pouco custosas e rápidas de resolución de numerosos conflitos. Pero, en calquera caso, o réxime legal da xurisdicción contencioso-administrativa, insubstituíble na súa dobre función de garantir e crear de xurisprudencia, debe adaptarse ás condicións do momento para facer posible aquel obxectivo.

En virtude destas premisas, a reforma é ó mesmo tempo continuísta e profundamente renovadora. Continuísta porque mantén a natureza estritamente xudicial que a xurisdicción contencioso-administrativa xa tiña na lexislación anterior e que a Constitución veu a consolidar definitivamente; porque mantén, así mesmo, o carácter de xuízo entre partes que o recurso contencioso-administrativo ten e a súa dobre finalidade de garantía individual e control do sometimento da Administración ó dereito, e porque se quixo conservar, conscientemente, todo aquilo que na práctica funcionou ben, de conformidade cos imperativos constitucionais.

Non obstante, a trascendencia e a amplitude das transformacións ás que a institución debe acomodarse facían inevitable unha revisión xeral do seu réxime xurídico, imposible de abordar mediante simples retoques da lexislación anterior. Ademais, a reforma non só pretende responder ós retos do noso tempo, senón que, na medida do posible e coa necesaria prudencia, mira ó futuro e introduce aquí e alá preceptos e cláusulas xerais que á doutrina e á xurisprudencia lles corresponde dotar de contido preciso, co fin de perfeccionalo funcionamento da xurisdicción.

II. **Ámbito e extensión da xurisdicción contencioso-administrativa**

Fiel ó propósito de non alterar máis do necesario a sistemática da lei anterior, o novo texto legal comeza definindo o ámbito propio, o alcance e os límites da xurisdicción contencioso-administrativa. Respectando a tradición e de conformidade co artigo 106.1 da Constitución, asígnaselle o control da potestade regulamentaria e da legalidade da actuación administrativa suxeita a dereito administrativo. Sen embargo, a lei incorpora á definición do ámbito da xurisdicción certas novidades, en parte obrigadas e todas elas transcendentais.

En primeiro lugar, era necesario actualiza-lo concepto de Administración pública válido para os efectos da lei, en atención ós cambios organizativos que se viñeron producindo e en conexión co que dispoñen outras leis. Tamén era imprescindible confirmar nesta a suxeición ó axuízamento da xurisdicción contencioso-administrativa de actos e disposicións emanados doutros órganos públicos que non forman parte da Administración, cando eses actos e disposicións teñen, polo seu contido e efectos, unha natureza materialmente administrativa. Sen intención de se inmiscuír en ningún debate dogmático, que non é tarefa do lexislador, a lei atende a un problema práctico, consistente en asegura-la tutela xudicial dos que resulten afectados nos seus dereitos ou intereses

polos ditos actos e disposicións, en case todo semellantes ós que emanan das Administracións públicas.

En segundo termo, é evidente que á altura do noso tempo histórico o ámbito material da xurisdicción quedaría moi incompleto se aquela se limitase a axuízalas pretensións que se deduzan en relación coas disposicións de rango inferior á lei e cos actos e contratos administrativos en sentido estricto. O que realmente importa e o que xustifica a existencia da propia xurisdicción contencioso-administrativa é asegurar, en beneficio dos interesados e do interese xeral, o exacto sometimento da Administración ó dereito en tódalas actuacións que realiza na súa condición de poder público e en uso das prerrogativas que como tal lle corresponde. No toda a actuación administrativa, como é notorio, se expresa a través de regulamentos, actos administrativos ou contratos públicos, senón que a actividade prestacional, as actividades negociables de diverso tipo, as actuacións materiais, as inactividades ou omisións de actuacións debidas expresan tamén a vontade da Administración, que ten que estar sometida en todo caso ó imperio da lei. A imposibilidade legal de controlar mediante os recursos contencioso-administrativos estouttras manifestacións da acción administrativa, desde hai tempo criticada, resulta xa inxustificable, tanto á luz dos principios constitucionais como en virtude da crecida importancia cuantitativa e cualitativa de tales manifestacións. Por iso a nova lei somete a control da xurisdicción a actividade da Administración pública de calquera clase que estea suxeita ó dereito administrativo, articulando para iso as accións procesuais oportunas.

Nesta liña, a lei precisa a competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para coñecer das cuestións que se susciten en relación non só cos contratos administrativos, senón tamén cos actos separables de preparación e adxudicación dos demais contratos suxeitos á lexislación de contratos das Administracións públicas. Trátase, en definitiva, de adecua-la vía contencioso-administrativa á lexislación de contratos, evitando que a pura e simple aplicación do dereito privado en actuacións directamente conectadas a fins de utilidade pública se realice, calquera que sexan as razóns que a determinen, en infracción dos principios xerais que teñen que rexer, por imperativo constitucional e do dereito comunitario europeo, o comportamento contractual dos suxeitos públicos. A garantía da necesaria observancia de tales principios, moi distintos dos que rexen a contratación puramente privada, debe corresponder, como é natural, á xurisdicción contencioso-administrativa.

Algo parecido debe dicirse das cuestións que se susciten en relación coa responsabilidade patrimonial da Administración pública. Os principios do seu peculiar réxime xurídico, que ten cobertura constitucional, son de natureza pública e hoxe en día a lei impón que en todo caso a responsabilidade se esixa a través dun mesmo tipo de procedemento administrativo. Por iso parece moi conveniente unifica-la competencia para coñecer deste tipo de asuntos na xurisdicción contencioso-administrativa, evitando a dispersión de accións que actualmente existe e garantindo a uniformidade xurisprudencial, agás, como é lóxico, naqueles casos en que a responsabilidade derive da comisión dunha infracción penal.

A delimitación do ámbito material da xurisdicción leva tamén a precisar algunhas exclusións. A nova lei respecta en tal sentido a atribución de certas competencias relacionadas coa actividade administrativa a outras ordes xurisdiccionais que establecen outras leis, na súa maior

parte por razóns pragmáticas, e ten en conta o disposto pola máis recente lexislación sobre os conflitos xurisdiccionais e de atribucións. En cambio, a Lei non recolle xa, entre estas exclusións, a relativa ós chamados actos políticos do Goberno, a que se refería a Lei de 1956.

Sobre este último aspecto convén facer algunha precisión. A lei parte do principio de sometemento pleno dos poderes públicos ó ordenamento xurídico, verdadeira cláusula rexia do Estado de dereito. Semellante principio é incompatible co recoñecemento de calquera categoría xenérica de actos de autoridade —chámense actos políticos, de Goberno, ou de dirección política— excluída per se do control xurisdiccional. Sería certamente un contrasentido que unha lei que pretende adecualo réxime legal da xurisdicción contencioso-administrativa á letra e ó espírito da Constitución levase a cabo a introducción de toda unha esfera de actuación gobernamental inmune ó dereito. En realidade, o propio concepto de «acto político» está hoxe en franca retirada no dereito público europeo. Os intentos encamiñados a mantelo, xa sexa delimitando xenericamente un ámbito na actuación do poder executivo rexido só polo dereito constitucional, e exento do control da xurisdicción contencioso-administrativa, xa sexa establecendo unha lista de supostos excluídos do control xudicial, resultan inadmisibles nun Estado de dereito.

Pola contra, e por se puidese caber algunha dúbida ó respecto, a lei sinala —en termos positivos— unha serie de aspectos sobre os que en todo caso sempre será posible o control xudicial, por ampla que sexa a discrecionalidade da resolución gobernamental: os dereitos fundamentais, os elementos regrados do acto e a determinación das indemnizacións procedentes.

III. Os órganos da xurisdicción e as súas competencias

Dado que, como se expuxo, a xurisdicción contencioso-administrativa se enfronta a un gravísimo problema pola avalancha crecente de recursos, é obvio que a reforma dos seus aspectos organizativos se debía considerar prioritaria.

A novidade máis importante neste capítulo consiste na regulación das competencias dos xulgados do contencioso-administrativo. A creación destes órganos xudiciais, que previu a Lei orgánica do poder xudicial, foi recibida no seu día con división de opinións. Se, por un lado, parecía imprescindible desconxestionar los tribunais do contencioso-administrativo dun bo número de asuntos, por outro xurdiron dúbidas acerca da idoneidade dos xulgados, órganos unipersoais, para afrontar o exercicio das competencias que lles terían que corresponder en virtude da cláusula xeral establecida na citada lei orgánica.

Certamente, a complexidade técnica de moitos dos asuntos e a trascendencia política doutros que terían que axuizar a teor da dita cláusula deu orixe a unha longa controversia, que era necesario resolver para implantar definitivamente os xulgados.

A presente reforma aborda o problema con decisión e asemade con cautela. Define a competencia dos xulgados mediante un sistema de lista taxada. Na elaboración desta lista tívose en conta a conveniencia de lles atribuír a estes órganos unipersoais un conxunto de competencias relativamente uniformes e de menor transcendencia económica e social, pero que cobren unha elevada porcentaxe dos recursos que de cotío se interpoñen perante os órganos da xurisdicción. Desta maneira é posible darlle remedio á saturación que soportan os tri-

bunais superiores de xustiza, que se verán descargados de bo número de preitos, aínda que conservan a competencia para xulgar en primeira instancia os máis importantes a priori e toda a variedade dos que se inclúen na cláusula residual, que agora se traslada ó seu ámbito competencial. Pola súa parte, os xulgados obteñen un conxunto de competencias que poden razoablemente exercer e que parecen abondos para consolidar a experiencia. Nada impide, senón todo o contrario, que tras un primeiro período de rodaxe a lista de competencias se revise á vista desa experiencia. De tódolos xeitos, é evidente que o éxito da reforma depende máis ca nada da pronta e adecuada selección e formación dos titulares dos xulgados.

Non remata aquí a reforma en canto a órganos unipersoais. Regúlanse tamén as competencias dos xulgados centrais do contencioso-administrativo, con xurisdicción en toda España, para contribuír a paliar a sobrecarga de traballo de órganos xurisdiccionais actualmente moi saturados.

IV. As partes

A regulación das partes que se contiña na Lei do 27 de decembro de 1956, fundada nun criterio substancialmente individualista con certas connotacións corporativas, quedou hai tempo superada e veu sendo corrixida por outras normas posteriores, ademais de reinterpretada pola xurisprudencia nun sentido moi distinto do que tiña orixinariamente. A nova lei limitase a recoller as sucesivas modificacións, clarificando algúns puntos aínda escuros e sistematizando os preceptos da maneira máis sinxela posible. O que se pretende é que ningúen, persoa física ou xurídica, privada ou pública, que teña capacidade xurídica suficiente e sexa titular dun interese lexítimo que tutelar, concepto comprensivo dos dereitos subxectivos pero máis amplo, se poida ver privado do acceso á xustiza.

Sobre esta base, que xa se deduce da Constitución, as novidades da lei teñen un carácter esencialmente técnico. As máis significativas incorpóranse nos preceptos que regulan a lexitimación. En canto á activa, reducíronse a sistema tódalas normas xerais ou especiais que se poden considerar vixentes e conformes co criterio elixido. O enunciado de supostos dá idea, en calquera caso, da evolución que experimentou o recurso contencioso-administrativo, hoxe en día instrumento útil para unha pluralidade de fins: a defensa do interese persoal, a dos intereses colectivos e calquera outro lexítimo, incluídos os de natureza política, mecanismo de control de legalidade das administracións inferiores, instrumento de defensa da súa autonomía, canle para a defensa de dereitos e liberdades encomendados a certas institucións públicas e para a do interese obxectivo da lei nos supostos legais de acción popular, entre outros.

No tocante á lexitimación pasiva, o criterio de fondo é o mesmo e conduce a simplificar as regras anteriores. En particular, carece de sentido manter a figura do coadxuvante, cando ningunha diferenza hai xa entre a lexitimación por dereito subxectivo e por interese lexítimo. En cambio, pareceu necesario precisar un pouco máis qué Administración ten carácter de demandada en caso de impugnación de actos suxeitos a fiscalización previa e, sobre todo, atribuír tamén este carácter, en caso de impugnación indirecta dunha disposición xeral, á Administración autora dela, aínda que non o sexa da actuación contra a que se recorreu directamente. Esta previsión vénlle dar canle procesual ó interese de cada

Administración en defender en todo caso a legalidade das normas que aproba e constitúe unha das especialidades dos recursos que versan sobre a conformidade a dereito de disposicións xerais, que se debullan ó longo de todo o articulado.

En canto á representación e defensa, distínguese entre órganos colexiados e unipersoais. Nos primeiros, procurador e avogado son obrigatorios; nos segundos, o procurador é potestativo e o avogado, obrigatorio. Os funcionarios públicos poderán comparecer en por si en cuestións de persoal que non impliquen separación de empregados públicos inamovibles.

Polo que atinxe á representación e defensa das administracións públicas e dos órganos constitucionais, a lei remítese ó que dispoñen a Lei orgánica do poder xudicial e a maila Lei de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas para todo tipo de procesos, así como ás normas que sobre a materia e no marco das súas competencias dictasen as comunidades autónomas, pois non hai nos contencioso-administrativos ningunha peculiaridade que mereza recollerse en norma con rango de lei.

V. Obxecto do recurso

Os escasos preceptos incluídos nos dous primeiros capítulos do título III conteñen algunhas das innovacións máis importantes que a lei introduce no noso sistema de control xudicial da Administración. Trátase nada menos ca de supera-la tradicional e restrinxida concepción do recurso contencioso-administrativo como unha revisión xudicial de actos administrativos previos, é dicir, como un recurso ó acto, e de abrir definitivamente as portas para obter xustiza fronte a calquera comportamento ilícito da Administración. Pero ó mesmo tempo, é necesario diferencia-la pretensións que se poden deducir en cada caso, pois é evidente que a diversidade de actuacións e omisións que poden ser obxecto do recurso non permiten seguir configurando este como unha acción procesual uniforme. Sen mingua das súas características comúns, empezando polo nomen iuris, o recurso admite modulacións de relevo en función do obxecto sobre o que recae. Cohonesta-los elementos comúns e os diferenciais nun esquema simple e flexible é outro dos obxectivos da reforma.

Por razón do seu obxecto establécense catro modalidades de recurso: o tradicional dirixido contra actos administrativos, xa sexan expresos ou presuntos; o que, de maneira directa ou indirecta, versa sobre a legalidade dalguna disposición xeral, que precisa dalgunhas regras especiais; o recurso contra a inactividade da Administración e o que se interpón contra actuacións materiais constitutivas de vía de feito.

Do recurso contra actos, o mellor modelado no período precedente, pouco hai que anovar. A lei, non obstante, depura o ordenamento anterior dalgunhas normas limitativas que carecen de xustificación, aínda que mantén a inadmisibilidade do recurso contra actos confirmatorios doutros firmes e consentidos. Esta última regra apóiase en elementais razóns de seguridade xurídica, que non só se deben ter en conta en favor do prexudicado por un acto administrativo, senón tamén en favor do interese xeral e de quen poida resultar individual ou colectivamente beneficiado ou amparado por el. Polo demais, o relativo sacrificio do acceso á tutela xudicial que se mantén pola dita causa resulta hoxe menos gravoso que antano, se se ten en conta a recente ampliación dos prazos do recurso administrativo ordinario, a falta de eficacia que a lexislación en vigor lles atribúe, sen ningún

límite temporal, ás notificacións defectuosas e inclusive a ampliación das facultades de revisión de oficio. Conservar esa excepción é unha opción razoable e equilibrada.

En cambio, semellou necesario salientar no texto da lei as peculiaridades dos recursos en que se axuíza a conformidade a dereito das disposicións xerais, ata o de agora non abondo consideradas. En realidade, os efectos que teñen estes tipos de recurso e, en particular, a declaración de ilegalidade dunha disposición xeral por calquera vía que se produza, non se poden comparar, en termos xerais, cos do recurso contra actos. A diferenza asume cada vez maior relevo na práctica, se se ten en conta a extensión e relevancia que no polifacético Estado moderno asumiu a produción regulamentaria.

A nova lei asegura as máis amplas posibilidades de someter a control xudicial a legalidade das disposicións xerais, preservando os que se deron en chamar recursos directo e indirecto e eliminando todo rastro das limitacións para recorrer que estableceu a lexislación anterior. Agora ben, ó mesmo tempo procura que a impugnación das disposicións xerais se tramite con celeridade e que aboque sempre a unha decisión xudicial clara e única, de efectos xerais, co fin de evitar innecesarios baleiros normativos e situacións de inseguridade ou interinidade acerca da validez e vixencia das normas. Este criterio plásmase, entre outras moitas regras de detalle, no tratamento procesual que se lle dá ó denominado recurso indirecto.

Ata o de agora existiu unha certa confusión na teoría xurídica e na práctica xudicial sobre os efectos desta clase de recurso, cando a norma que aplica o acto impugnado é considerada contraria a dereito. E, o que é máis grave, o carácter difuso deste tipo de control xerou situacións de inseguridade xurídica e desigualdade manifesta, pois segundo o criterio de cada órgano xudicial e na falta dunha instancia unificadora, que non sempre existe, determinadas disposicións aplícanse nuns casos ou ámbitos e non se aplican noutros. A solución pasa por unifica-la decisión xudicial sobre a legalidade das disposicións xerais nun só órgano, o que en cada caso é competente para coñecer do recurso directo contra elas, dotando sempre esa decisión de efectos erga omnes. Velaquí que, cando sexa ese mesmo órgano o que coñece dun recurso indirecto, a lei dispoña que declarará a validez ou nulidade da disposición xeral. Para cando o órgano competente nun recurso deste tipo sexa outro distinto do que pode coñecer do recurso directo contra a disposición de que se trate, a lei introduce a cuestión de ilegalidade.

A regulación deste procedemento tivo en conta a experiencia da cuestión de inconstitucionalidade prevista polo artigo 163 da Constitución e inspírase parcialmente na súa mecánica; as analoxías acaban aquí. A cuestión de ilegalidade non ten outro significado có dun remedio técnico tendente a reforza-la seguridade xurídica, que non impide o axuízamento das normas polo xuíz ou tribunal competente para decidir sobre a legalidade do acto aplicativo do regulamento do que se aduce a ilegalidade, pero que pretende acadar unha decisión unitaria a todo eventual pronunciamento indirecto sobre a súa validez.

Largamente reclamado pola doutrina xurídica, a lei crea un recurso contra a inactividade da Administración, que ten precedentes noutros ordenamentos europeos. O recurso diríxese a obter da Administración, mediante a correspondente sentenza de condena, unha prestación material debida ou a adopción dun acto expreso en pro-

cedementos iniciados de oficio, alí onde non xoga o mecanismo do silencio administrativo. Desta maneira outórgaselle un instrumento xurídico ó cidadán para combater-la pasividade e as dilacións administrativas. Claro está que este remedio non lles permite ós órganos xudiciais substituí-la Administración en aspectos da súa actividade non prefigurados polo dereito, incluída a discrecionalidade no quando dunha decisión ou dunha actuación material, nin os faculta para traducir en mandatos precisos as xenéricas e indeterminadas habilitacións ou obrigas legais de creación de servizos ou realización de actividades, pois en tal caso estarían invadindo as funcións propias daquela. Velaí que a lei se refira sempre a prestacións concretas e actos que teñan un prazo legal para a súa adopción e de aí que a eventual sentenza de condena teñan que ordenar estrictamente o cumprimento das obrigas administrativas nos concretos termos en que estean establecidas. O recurso contencioso-administrativo, pola súa natureza, non lles pode poñer remedio a tódolos casos de indolencia, lentitude e ineficacia administrativas, senón tan só garanti-lo exacto cumprimento da legalidade.

Otra novidade salientable é o recurso contra as actuacións materiais en vía de feito. Mediante este recurso pódense combater aquelas actuacións materiais da Administración que carecen da necesaria cobertura xurídica e lesionan dereitos e intereses lexítimos de calquera clase. A acción ten unha natureza declarativa e de condena e ó mesmo tempo, en certo modo, interdicial, polo que non se pode deixar de relacionar coa regulación das medidas cautelares. Por razón da materia, a competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo para coñecer destes recursos explícase sobradamente.

No caso do recurso contra a inactividade da Administración, a lei establece unha reclamación previa en sede administrativa; no do recurso contra a vía de feito, un requirimento previo de carácter potestativo, así mesmo, en sede administrativa. Pero iso non converte estes recursos en procesos contra a desestimación, se é o caso, por silencio, de tales reclamacións ou requirimentos. Nin, como se dixo, estas novas accións se atañen ó tradicional carácter revisor do recurso contencioso-administrativo, nin pode considerarse que a falta de estimación, total ou parcial, da reclamación ou o requirimento constitúan auténticos actos administrativos, expresos ou presuntos. O que se persegue é simplemente darlle á Administración a oportunidade de resolver-lo conflito e de evita-la intervención xudicial. En caso contrario, o que se impugna sen máis trámites é, directamente, a inactividade ou actuación material correspondente, as circunstancias da cal delimitan o obxecto material do proceso.

O resto dos preceptos do título III cingúese a introducir algunhas melloras técnicas. A preocupación por axiliza-la tramitación das causas é dominante e, en particular, explica a regra que lle permite ó xuíz ou tribunal suspende-la tramitación dos recursos masivos que teñan idéntico obxecto e resolver con carácter preferente un ou varios deles. Desta maneira pódese eludi-la reiteración de trámites, pois os efectos da primeira ou primeiras sentencias resultantes poderían aplicárselles ós demais casos en vía de execución ou, eventualmente, poderían inducir á desistencia doutros recursos.

VI. O procedemento

1. A regulación do procedemento contencioso-administrativo ordinario baséase no esquema da lexislación

anterior. Non embargante, as modificacións son moi numerosas, pois, por unha banda, tivéronse moi en conta a experiencia práctica e as achegas doutriniais e, por outra, establecéronse normas especiais para diferentes tipos de recursos, que non precisan dun procedemento especial. Baseado en principios comúns e nun mesmo esquema procesual, a lei arbitra un procedemento dúctil, que ofrece respostas parcialmente distintas para cada suposto. Buscouse en todo momento concilia-las garantías de eficacia e celeridade do proceso coas de defensa das partes.

Constitúe unha novidade importante a introducción dun procedemento abreviado para determinadas materias de contía determinada limitada, baseado no principio de oralidade.

As garantías que a lei establece para logra-la pronta e completa remisión do expediente administrativo ó órgano xudicial foron reformadas coa intención de lles poñer definitivamente couto a prácticas administrativas inxustificables e demasiado estendidas, que alongan a tramitación de moitas causas. Incompatibles cos deberes que a Administración ten para cos cidadáns e co de colaboración coa Administración de xustiza, é necesario que as ditas prácticas queden desterradas para sempre.

Na liña de procura-la rápida resolución dos procesos, a lei arbitra varias facultades en mans das partes ou do órgano xudicial, tales como a posibilidade de inicia-lo recurso mediante demanda nalgúns casos, a de solicitar que se dicte sentenza sen necesidade de proba, vista ou conclusións ou a de levar a cabo un intento de conciliación. Do criterio dos xuíces e maxistrados e da colaboración das partes dependerá que estas medidas acaden os seus fins.

No tocante á sentenza, a lei segue de cerca a regulación anterior. En particular, mantense a referencia da conformidade ou desconformidade da disposición, actuación ou acto xenericamente ó dereito, ó ordenamento xurídico, por entender —en frase da exposición de motivos da Lei de 1956— que reconducila simplemente ás leis equivale a esquecer que o xurídico non se encerra e circunscribe ás disposicións escritas, senón que se estende ós principios e á normatividade inmanente na natureza das institucións. Engade, non obstante, algunhas prescricións sobre o contido e efectos dalgunhas sentencias estimatorias: as que condenen a Administración a facer algo, as que estimen pretensións de resarcimento de danos e perdas, as que anulen disposicións xerais e as que versen sobre actuacións discrecionais. En relación con estas últimas, a lei lembra a natureza de control en dereito que ten o recurso contencioso-administrativo e de aí que precise que non poden os xuíces e tribunais determina-lo contido discrecional dos actos que anulen. Como é lóxico, esta regra non pretende coartar en absoluto a potestade dos órganos xudiciais para estenderen o seu control dos actos discrecionais ata onde o esixa o sometemento da Administración ó dereito; é dicir, mediante o axuizamento dos elementos regrados dos ditos actos e a garantía dos límites xurídicos da discrecionalidade.

2. Polo que atinxe ós recursos contra as resolucións xudiciais, a lei atense en xeral ós que dispuxo a recente Lei 10/1992, do 30 de abril, de medidas urxentes de reforma procesual. Pero introduce algúns cambios necesarios, motivados uns pola creación dos xulgados do contencioso-administrativo, que conduce a reimplantalos recursos de apelación contra as súas resolucións, e outros pola experiencia, breve pero significativa, derivada daquela última reforma procesual.

O novo recurso de apelación ordinario contra as sentencias dos xulgados non ten, sen embargo, carácter universal. Non sendo a dobre instancia en todo tipo de procesos unha esixencia constitucional, pareceu conveniente descargarlos tribunais superiores de xustiza de coñecer tamén en segunda instancia dos asuntos de menor entidade, para resolve-lo abafos que hoxe padecen. Sen embargo, a apelación procede sempre que o asunto non foi resolto en canto ó fondo, en garantía do contido normal do dereito á tutela xudicial efectiva, así como no procedemento para a protección dos dereitos fundamentais, nos litixios entre administracións e cando se resolve a impugnación indirecta de disposicións xerais, pola maior transcendencia que a priori teñen todos estes asuntos.

A lei eleva substancialmente a contía dos que teñen acceso á casación ordinaria e en menor medida a dos que poden acceder á casación para unificación de doutrina. Aínda que rigorosa, a medida é necesaria á vista da experiencia dos últimos anos, pois as contías fixadas pola Lei 10/1992 non permitiron reduci-la abrumadora carga de traballo que pesa sobre a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo. Se ben as novas regras eliminan a posibilidade de dobre instancia en moitos supostos, a alternativa sería consenti-lo agravamento progresivo daquela carga, xa hoxe moi superior ó que sería razoable. Os efectos de tal situación son moito máis perniciosos, pois córrese o risco de alonga-la resolución dos recursos pendentes ante o Tribunal Supremo ata extremos totalmente incompatibles co dereito a unha xustiza efectiva. Por outro lado, non é posible aumentar substancialmente o número de seccións e maxistrados do Alto Tribunal, que ten que poder atender a súa importantísima función obxectiva de fixa-la doutrina xurisprudencial.

Regúlanse dúas modalidades de recurso para a unificación de doutrina, o coñecemento das cales lles corresponderá, respectivamente, ó Tribunal Supremo e ós tribunais superiores de xustiza.

Considerouse oportuno mante-lo recurso de casación en interese da lei, que se adapta á creación dos xulgados do contencioso-administrativo e que, xunto ó tradicional recurso de revisión, cerra o sistema de impugnacións nesta orde xurisdiccional.

3. A lei realizou un importante esforzo para incrementar as garantías de execución das sentencias, desde sempre unha das zonas grises do noso sistema contencioso-administrativo. O punto de partida reside na imperiosa obriga de cumprilas resolucións xudiciais e colaborar na execución do resolto, que a Constitución prescribe, e na potestade dos órganos xudiciais de facer executa-lo xulgado, que a propia Constitución lles atribúe. Prescricións que empatan directamente co dereito á tutela xudicial efectiva, xa que, como vén sinalando a xurisprudencia, ese dereito non se satisfai mediante unha xustiza puramente teórica, senón que comporta o dereito á execución puntual do resolto nos seus propios termos. A negativa, expresa ou implícita, a cumprir unha resolución xudicial constitúe un atentado á Constitución fronte ó que non caben excusas.

A Lei orgánica do poder xudicial, que eliminou a potestade gubernativa de suspensión e inexecución de sentencias, abriu paso, en cambio, á expropiación dos dereitos recoñecidos por estas fronte á Administración. Non embargante, non especificou as causas de utilidade pública e interese social que terían que lexítimalo exercicio desta potestade expropiatoria. A lei atende esta necesidade, concretando tres supostos moi determina-

dos, entre os que se debe destaca-lo da preservación do libre exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas.

A salvo o anterior, a lei regula a forma de executa-las sentencias que condenan a Administración ó pagamento dunha cantidade, sen elimina-la prerrogativa de inembargabilidade dos bens e dereitos da Facenda pública, xa que a dita modificación non se pode abordar illadamente na Lei xurisdiccional, senón —se é o caso— a través dunha nova regulación, completa e sistemática, do estatuto xurídico dos bens públicos. Pero compensa ó interesado economicamente fronte a calquera retardamento inxustificable; prevén fronte ás execucións aparentes, declarando a nulidade de pleno dereito dos actos contrarios ós pronunciamentos e establecendo unha forma rápida para os anular, e especifica as formas posibles de execución forzosa das sentencias que condenan a Administración a realizar unha actividade ou dictar un acto e outórgalles ós órganos xudiciais potestades sancionadoras para logra-la efectividade do mandado, á parte das consecuencias que se deduzan no ámbito penal.

Dúas novidades importantes completan este capítulo da lei. A primeira refírese á posibilidade de estende-los efectos dunha sentenza firme en materia de persoal e en materia tributaria a persoas distintas das partes que se encontren en situación idéntica. Aínda regulada coa necesaria cautela, a apertura pode aforra-la reiteración de múltiples procesos innecesarios contra os chamados actos en masa. A segunda consiste en lle outorgar ó acordo de conciliación xudicial a mesma forza que á sentenza para efectos de execución forzosa, o que reforza o interese da lei por esta forma de terminación do procedemento.

4. Dos recursos especiais suprimiuse o de persoal, aínda que subsisten algunhas especialidades relativas a esta materia ó longo do articulado. Tráese ó texto da Lei xurisdiccional a regulación do proceso especial en materia de dereitos fundamentais, co mesmo carácter preferente e urxente que xa ten e con importantes variacións sobre a normativa vixente, o carácter restrictivo da cal conduciu, na práctica, a unha importante deterioración desta vía procesual. A máis relevante novidade é o tratamento do obxecto do recurso —e, xa que logo, da sentenza— de acordo co fundamento común dos procesos contencioso-administrativos; isto é, entendendo a lesión dos dereitos susceptibles de amparo desde a perspectiva da conformidade da actuación administrativa co ordenamento xurídico. A lei pretende superar, por tanto, a rixida distinción entre legalidade ordinaria e dereitos fundamentais, por entender que a protección do dereito fundamental ou liberdade pública non será factible, en moitos casos, se non se ten en conta o desenvolvemento legal deles.

O procedemento da cuestión de ilegalidade, que se inicia de oficio, une a garantía de defensa das partes coa celeridade que lle é inherente.

Por último, o procedemento en caso de suspensión administrativa previa de acordos adáptase ós supostos legais de suspensión previstos na lexislación vixente, ó tempo que establece as regras que permiten a súa rápida tramitación.

5. Das disposicións comúns sobresaee a regulación das medidas cautelares. O espectacular desenvolvemento destas medidas na xurisprudencia e na práctica procesual dos últimos anos chegou a reborda-las moderadas previsións da lexislación anterior, certificando a súa antigüidade neste punto. A nova lei actualiza considerablemente a regulación da materia, amplía os tipos de

medidas cautelares posibles e determina os criterios que han de servir de guía para a súa adopción.

Pártese da base de que a xustiza cautelar forma parte do dereito á tutela efectiva, tal como ten declarado a xurisprudencia máis recente, polo que a adopción de medidas provisionais que permitan asegura-lo resultado do proceso non debe contemplarse como unha excepción, senón como facultade que o órgano xudicial pode exercer sempre que resulte necesario.

A lei aborda esta cuestión mediante unha regulación común a tódalas medidas cautelares, calquera que sexa a súa natureza. O criterio para a súa adopción consiste en que a execución do acto ou a aplicación da disposición poden facer perde-la finalidade do recurso, pero sempre sobre a base dunha ponderación suficientemente motivada de tódolos intereses en conflito.

Ademais, tendo en conta a experiencia dos últimos anos e a maior amplitude que hoxe ten o obxecto do recurso contencioso-administrativo, a suspensión da disposición ou acto contra o que se recorreu non pode constituír xa a única medida cautelar posible. A lei introduce en consecuencia a posibilidade de adoptar calquera medida cautelar, incluso as de carácter positivo. No existen para iso especiais restriccións, dado o fundamento común a tódalas medidas cautelares. Corresponderalle ó xuíz ou tribunal determina-las que, segundo as circunstancias, fosen necesarias. Regúlanse medidas inaudita parte debitoris —con comparecencia posterior sobre o levantamento, mantemento ou modificación da medida adoptada—, así como medidas previas á interposición do recurso nos supostos de inactividade ou vía de feito.

TÍTULO I

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa

CAPÍTULO I

Ámbito

Artigo 1.

1. Os xulgados e tribunais da orde contencioso-administrativa coñecerán das pretensións que se deduzan en relación coa actuación das administracións públicas suxeita ó dereito administrativo, coas disposicións xerais de rango inferior á lei e cos decretos lexislativos cando excedan os límites da delegación.

2. Entenderase para estes efectos por administracións públicas:

- a) A Administración xeral do Estado.
- b) As Administracións das comunidades autónomas.
- c) As entidades que integran a Administración local.
- d) As entidades de dereito público que sexan dependentes ou estean vinculadas ó Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais.

3. Coñecerán tamén das pretensións que se deduzan en relación con:

- a) Os actos e disposicións en materia de persoal, administración e xestión patrimonial suxeitos ó dereito público adoptados polos órganos competentes do Congreso dos Deputados, do Senado, do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Contas e do Defensor do Pobo, así como das asembleas lexislativas das comunidades

autónomas e das institucións autonómicas análogas ó Tribunal de Contas e ó Defensor do Pobo.

b) Os actos e disposicións do Consello Xeral do Poder Xudicial e a actividade administrativa dos órganos de goberno dos xulgados e tribunais, nos termos da Lei orgánica do poder xudicial.

c) A actuación da Administración electoral, nos termos previstos na Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Artigo 2.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa coñecerá das cuestións que se susciten en relación:

a) Coa protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais, os elementos regrados e a determinación das indemnizacións que fosen procedentes, todo iso en relación cos actos do Goberno ou dos consellos de goberno das comunidades autónomas, calquera que for a natureza dos ditos actos.

b) Cos contratos administrativos e cos actos de preparación e adxudicación dos demais contratos suxeitos á lexislación de contratación das administracións públicas.

c) Cos actos e disposicións das corporacións de dereito público, adoptados no exercicio de funcións públicas.

d) Cos actos administrativos de control ou fiscalización dictados pola Administración concedente, respecto dos dictados polos concesionarios dos servizos públicos que impliquen o exercicio de potestades administrativas conferidas a eles, así como os actos dos propios concesionarios cando se poida recorrer contra eles directamente perante esta orde xurisdiccional de conformidade coa lexislación sectorial correspondente.

e) Coa responsabilidade patrimonial das administracións públicas, calquera que sexa a natureza da actividade ou o tipo de relación de que derive; aquelas non poderán ser demandadas por este motivo perante as ordes xurisdiccionais civil ou social.

f) Coas restantes materias que lle atribúa expresamente unha lei.

Artigo 3.

No lle corresponden á orde xurisdiccional contencioso-administrativa:

a) As cuestións expresamente atribuídas ás ordes xurisdiccionais civil, penal e social, aínda que estean relacionadas coa actividade da Administración pública.

b) O recurso contencioso-disciplinario militar.

c) Os conflitos de xurisdicción entre os xulgados e tribunais e a Administración pública e os conflitos de atribucións entre órganos dunha mesma Administración.

Artigo 4.

1. A competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo esténdese ó coñecemento e decisión das cuestións pre-xudiciais e incidentais non pertencentes á orde administrativa, directamente relacionadas cun recurso contencioso-administrativo, agás as de carácter constitucional e penal e o disposto nos tratados internacionais.

2. A decisión que se pronuncie non producirá efectos fóra do proceso en que se dicte e non vinculará a orde xurisdiccional correspondente.

Artigo 5.

1. A xurisdicción contencioso-administrativa é improrrogable.

2. Os órganos desta orde xurisdiccional apreciarán de oficio a falta de xurisdicción e resolverán sobre ela, logo de audiencia das partes e do ministerio fiscal por un prazo común de dez días.

3. En todo caso, esta declaración será fundada e efectuarase indicando sempre a concreta orde xurisdiccional que se coide competente. De a parte demandante exerce-la acción perante ela no prazo dun mes desde a notificación da resolución que declare a falta de xurisdicción, entenderase que o efectuou na data en que se iniciou o prazo para interpoñe-lo recurso contencioso-administrativo, sempre que formulase este seguindo as indicacións da notificación do acto ou se esta fose defectuosa.

CAPÍTULO II

Órganos e competencias

Artigo 6.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa está integrada polos seguintes órganos:

- a) Xulgados do contencioso-administrativo.
- b) Xulgados centrais do contencioso-administrativo.
- c) Salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza.
- d) Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.
- e) Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo.

Artigo 7.

1. Os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativa que foren competentes para coñecer dun asunto tamén o serán para tódalas súas incidencias e para facer executa-las sentencias que dictaren nos termos sinalados no artigo 103.1.

2. A competencia dos xulgados e salas do contencioso-administrativo non será prorrogable e deberá ser apreciada por eles, mesmo de oficio, logo de audiencia das partes e do ministerio fiscal por un prazo común de dez días.

3. A declaración de incompetencia adoptará a forma de auto e deberase efectuar antes da sentenza; remitiráselle as actuacións ó órgano da xurisdicción que se estime competente para que perante el siga o curso do proceso. Se a competencia lle puiden corresponder a un tribunal superior en grao, xuntarase unha exposición razoada, e haberase que ater ó que este resolva.

Artigo 8.

1. Os xulgados do contencioso-administrativo coñecerán, en única ou primeira instancia segundo o disposto nesta lei, dos recursos que se deduzan fronte ós actos das entidades locais cando teñan por obxecto:

- a) Cuestións de persoal, agás que se refiran ó nacemento ou extinción da relación de servizo dos funcionarios públicos de carreira.
- b) Xestión, inspección e recadación dos tributos e demais ingresos de dereito público regulados na lexislación de facendas locais.

c) Licencias de edificación e uso do solo e do sub-solo, sempre que o seu orzamento non exceda do 250 millóns de pesetas, así como as de apertura.

d) Declaración de ruína e ordes de execución de obras de conservación, reforma e rehabilitación de inmo-bles.

e) Sancións administrativas, calquera que sexa a súa natureza, contía e materia.

2. Coñecerán, así mesmo, en única ou primeira instancia dos recursos que se deduzan fronte ós actos administrativos da administración das comunidades autónomas, agás que procedan do respectivo Consello de Goberno, cando teñan por obxecto:

a) Cuestións de persoal, agás que se refiran ó nacemento ou extinción da relación de servizo de funcionarios públicos de carreira.

b) As sancións administrativas que consistan en multas non superiores a 10 millóns de pesetas e cesamento de actividades ou privación de exercicio de dereitos que non excedan de seis meses, nas seguintes materias:

1. Tráfico, circulación e seguridade vial.
2. Caza, pesca fluvial, pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura.
3. Actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
4. Comercio interior e defensa de consumidores e usuarios.
5. Espectáculos públicos e actividades recreativas.
6. Xogos e máquinas recreativas e de azar.

3. Coñecerán en única ou primeira instancia dos recursos que se deduzan fronte a disposicións e actos da Administración periférica do Estado e das comunidades autónomas, contra os actos dos organismos, entes, entidades ou corporacións de dereito público, sempre que a súa competencia non se estenda a todo o territorio nacional, e contra as resolucións dos órganos superiores cando confirmen integramente os dictados por aqueles en vía de recurso, fiscalización ou tutela.

Exceptúanse os actos de contía superior a 10 millóns de pesetas dictados pola Administración periférica do Estado e polos organismos públicos estatais con competencia que non se estenda a todo o territorio nacional, ou cando se dicten en exercicio das súas competencias sobre o dominio público, obras públicas do Estado, expropiación forzosa e propiedades especiais.

4. Correspóndelles ós xulgados coñecer das impugnacións contra actos das xuntas electorais de zona e das formuladas en materia de proclamación de candidaturas e candidatos efectuada por calquera das xuntas electorais, nos termos previstos na lexislación electoral.

5. Os xulgados do contencioso-administrativo tamén coñecerán das autorizacións para a entrada en domicilios e restantes lugares para o acceso ós cales se requira o consentimento do seu titular, sempre que iso proceda para a execución forzosa de actos da Administración pública.

Artigo 9.

Os xulgados centrais do contencioso-administrativo coñecerán dos recursos que se deduzan fronte ós actos administrativos que teñan por obxecto:

- a) En primeira ou única instancia nas materias de persoal cando se trate de actos dictados por ministros e secretarios de Estado, agás que se refiran ó nacemento

ou extinción da relación de servizo de funcionarios de carreira, ou ás materias recollidas no artigo 11.1.a) sobre persoal militar.

b) En única ou primeira instancia contra os actos dos órganos centrais da Administración xeral do Estado nos supostos previstos no punto 2.b) do artigo 8.

c) En primeira ou única instancia dos recursos contencioso-administrativos que se interpoñan contra as disposicións xerais e contra os actos emanados dos organismos públicos con personalidade xurídica propia e entidades pertencentes ó sector público estatal con competencia en todo o territorio nacional, sen prexuízo do disposto na letra i) do número 1 do artigo 10.

Artigo 10.

1. As salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza coñecerán en única instancia dos recursos que se deduzan en relación con:

a) Os actos das entidades locais e das administracións das comunidades autónomas, cando o seu coñecemento non lles estea atribuído ós xulgados do contencioso-administrativo.

b) As disposicións xerais emanadas das comunidades autónomas e das entidades locais.

c) Os actos e disposicións dos órganos de goberno das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, e das institucións autonómicas análogas ó Tribunal de Contas e ó Defensor do Pobo, en materia de persoal, administración e xestión patrimonial.

d) Os actos e resolucións dictados polos tribunais económico-administrativos rexionais e locais que poñan fin á vía económico-administrativa.

e) As resolucións dictadas polo Tribunal Económico-Administrativo Central en materia de tributos cedidos.

f) Os actos e disposicións das xuntas electorais provinciais e de comunidades autónomas, así como os recursos contencioso-electorais contra acordos das xuntas electorais sobre proclamación de electos e elección e proclamación de presidentes de corporacións locais, nos termos da lexislación electoral.

g) Os convenios entre administracións públicas as competencias das cales se exerzan no ámbito territorial da correspondente Comunidade Autónoma.

h) A prohibición ou a proposta de modificación de reunións previstas na Lei orgánica reguladora do dereito de reunión.

i) Os actos e resolucións dictados por órganos da Administración xeral do Estado con competencia en todo o territorio nacional e dun nivel orgánico inferior ó de ministro ou secretario de Estado en materias de persoal, propiedades especiais e expropiación forzosa.

j) Calquera outra actuación administrativa non atribuída expresamente á competencia doutros órganos desta orde xurisdiccional.

2. Coñecerán, en segunda instancia, das apelacións promovidas contra sentencias e autos dictados polos xulgados do contencioso-administrativo, e dos correspondentes recursos de queixa.

3. Tamén lles corresponde, consonte o establecido nesta lei, o coñecemento dos recursos de revisión contra as sentencias firmes dos xulgados do contencioso-administrativo.

4. Coñecerán das cuestións de competencia entre os xulgados do contencioso-administrativo con sede na Comunidade Autónoma.

5. Coñecerán do recurso de casación para a unificación de doutrina previsto no artigo 99.

6. Coñecerán do recurso de casación en interese da lei previsto no artigo 101.

Artigo 11.

1. A Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional coñecerá en única instancia:

a) Dos recursos que se deduzan en relación coas disposicións xerais e os actos dos ministros e dos secretarios de Estado en xeral e en materia de persoal cando se refiran ó nacemento ou extinción da relación de servizo de funcionarios de carreira. Así mesmo coñecerá dos recursos contra os actos de calquera órgano central do Ministerio de Defensa referidos a ascensos, orde e antigüidade no escalafón e destinos.

b) Dos recursos contra os actos dos ministros e secretarios de Estado cando rectifiquen en vía de recurso ou en procedemento de fiscalización ou de tutela os dictados por órganos ou entes distintos con competencia en todo o territorio nacional.

c) Dos recursos en relación cos convenios entre administracións públicas non atribuídos ós tribunais superiores de xustiza.

d) Dos actos de natureza económico-administrativa dictados polo ministro de Economía e Facenda e polo Tribunal Económico-Administrativo Central, con excepción do disposto no artigo 10.1.e).

2. Coñecerá, en segunda instancia, das apelacións contra autos e sentencias dictados polos xulgados centrais do contencioso-administrativo e dos correspondentes recursos de queixa.

3. Coñecerá dos recursos de revisión contra sentencias firmes dictadas polos xulgados centrais do contencioso-administrativo.

4. Tamén coñecerá das cuestións de competencia que se poidan suscitar entre os xulgados centrais do contencioso-administrativo.

Artigo 12.

1. A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo coñecerá en única instancia dos recursos que se deduzan en relación con:

a) Os actos e disposicións do Consello de Ministros e das comisións delegadas do Goberno.

b) Os actos e disposicións do Consello Xeral do Poder Xudicial.

c) Os actos e disposicións en materia de persoal, administración e xestión patrimonial adoptados polos órganos competentes do Congreso dos Deputados, do Senado, do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Contas e do Defensor do Pobo.

2. Coñecerá tamén de:

a) Os recursos de casación de calquera modalidade, nos termos establecidos por esta lei, e os correspondentes recursos de queixa.

b) Os recursos de casación e revisión contra as resolucións dictadas polo Tribunal de Contas, consonte o establecido na súa Lei de funcionamento.

c) Os recursos de revisión contra sentencias firmes dictadas polas salas do contencioso-administrativo dos

tribunais superiores de xustiza, da Audiencia Nacional e do Tribunal Supremo, agás o disposto no artigo 61.1.1.º da Lei orgánica do poder xudicial.

3. Así mesmo coñecerá de:

a) Os recursos que se deduzan en relación cos actos e disposicións da Xunta Electoral Central, así como os recursos contencioso-electorais que se deduzan contra os acordos sobre proclamación de electos nos termos previstos na lexislación electoral.

b) Os recursos deducidos contra actos das xuntas electorais adoptados no procedemento para elección de membros das salas de Goberno dos tribunais, nos termos da Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo 13.

Para aplica-las regras de distribución de competencia contidas nos artigos anteriores, teranse en conta os seguintes criterios:

a) As referencias que se fan á Administración do Estado, ás comunidades autónomas e ás entidades locais comprenden as entidades e corporacións dependentes ou vinculadas a cada unha delas.

b) A competencia atribuída ós xulgados e tribunais para o coñecemento de recursos contra actos administrativos inclúe a relativa á inactividade e ás actuacións constitutivas de vía de feito.

c) Agás disposición expresa en contrario, a atribución de competencia por razón da materia prevalece sobre a efectuada en razón do órgano administrativo autor do acto.

CAPÍTULO III

Competencia territorial dos xulgados e tribunais

Artigo 14.

1. A competencia territorial dos xulgados e dos tribunais superiores de xustiza determinarase conforme as seguintes regras:

Primeira. Con carácter xeral, será competente o órgano xurisdiccional na circunscrición do cal teña a súa sede o órgano que dictase a disposición ou o acto orixinario impugnado.

Segunda. Cando o recurso teña por obxecto actos das administracións públicas en materia de persoal, propiedades especiais e sancións será competente, a elección do demandante, o xulgado ou o tribunal na circunscrición do cal teña aquel o seu domicilio ou se encontre a sede do órgano autor do acto orixinario impugnado.

Tercera. A competencia corresponderalle ó órgano xurisdiccional na circunscrición do cal radiquen os inmoables afectados cando se impugnen plans de ordenación urbana e actuacións urbanísticas, expropiatorias e, en xeral, as que comporten intervención administrativa na propiedade privada.

2. Cando o acto orixinario impugnado afectase unha pluralidade de destinatarios e fosen diversos os xulgados ou tribunais competentes segundo as regras anteriores, a competencia estaralle atribuída ó órgano xurisdiccional na circunscrición do cal teña a súa sede o órgano que dictase o acto orixinario impugnado.

CAPÍTULO IV

Constitución e actuación das salas do contencioso-administrativo

Artigo 15.

1. A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo actuará dividida en seccións, o presidente das cales será quen o for da sala ou o maxistrado máis antigo dos que integren a sección, agás no suposto previsto no artigo 96.6 no que a sección a que se refire será presidida polo presidente do Tribunal Supremo.

2. Para a vista ou deliberación e para a decisión xudicial será necesaria a concorrencia de quen presida e dos maxistrados seguintes:

a) Tódolos que compoñen a sección para decidi-los recursos de casación e revisión.
b) Catro nos demais casos.

3. Para o despacho ordinario abondará coa concorrencia de quen presida e dous maxistrados.

Artigo 16.

1. A Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional comporase das seccións que aconselle o número de asuntos, o presidente das cales será quen o for da Sala ou o maxistrado máis antigo dos integrantes da sección.

2. As salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza, cando o número dos seus membros exceda de cinco, actuarán divididas en seccións, o presidente das cales será quen o for da sala ou o maxistrado máis antigo dos que integren a sección.

3. Para a vista ou deliberación e para a decisións xudicial, e para o despacho ordinario, será suficiente a concorrencia do que presida e dous maxistrados.

4. A resolución dos recursos de casación en interese da lei, de casación para a unificación de doutrina e de revisión encomendaráselle a unha sección da Sala do Contencioso-Administrativo que teña a súa sede no Tribunal Superior de Xustiza composta polo presidente da dita sala, que a presidirá, polo presidente ou presidentes das demais salas do contencioso-administrativo e, se é o caso, das súas seccións, en número non superior a dous; e polos maxistrados da referida sala ou salas que fosen necesarios para completar un total de cinco membros.

Se a sala ou salas do contencioso-administrativo tivesen máis dunha sección, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza establecerá para cada ano xudicial a quenda consonte a cal os presidentes de sección ocuparán os postos da regulada neste punto. Tamén a establecerá entre tódolos maxistrados que presten servizo na sala ou salas.

CAPÍTULO V

Distribución de asuntos

Artigo 17.

1. A distribución de asuntos entre as diversas salas dun mesmo tribunal, ou entre as diversas seccións dunha mesma sala, será acordada pola Sala de Goberno do respectivo tribunal, tendo en conta a natureza e homoxeneidade da materia a que se refiren os recursos.

2. Idéntico criterio se terá en conta para a distribución de asuntos entre os diversos xulgados do contencioso-administrativo dunha mesma poboación. A aprobación corresponderalle á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, por proposta da xunta de xuíces desta orde xurisdiccional.

3. Os acordos sobre distribución de asuntos adoptaranse cada dous anos e comunicaránselle ó Consello Xeral do Poder Xudicial para o único efecto da súa publicación, antes da apertura de tribunais, no Boletín Oficial del Estado ou no da comunidades autónomas, segundo corresponda.

No caso de resultar alterada a competencia dos distintos xulgados con sede nun mesmo partido xudicial, das diversas salas dun mesmo tribunal ou das diversas seccións dunha sala por razón dunha nova distribución de asuntos, dos procesos en tramitación continuará coñecendo e resolverá o órgano xurisdiccional que resultar competente no momento da interposición do recurso, segundo os acordos entón vixentes.

TÍTULO II

As partes

CAPÍTULO I

Capacidade procesual

Artigo 18.

Teñen capacidade procesual perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, ademais das persoas que a teñan consonte a Lei de axuízamento civil, os menores de idade para a defensa daqueles dos seus dereitos e intereses lexítimos a actuación dos cales lles estea permitida polo ordenamento xurídico sen necesidade de asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela.

Os grupos de afectados, as unións sen personalidade ou patrimonios independentes ou autónomos, entidades todas elas aptas para seren titulares de dereitos e obrigas á marxe da súa integración nas estruturas formais das persoas xurídicas, tamén terán capacidade procesual perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa cando a lei así o declare expresamente.

CAPÍTULO II

Lexitimación

Artigo 19.

1. Están lexitimados perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa:

a) As persoas físicas ou xurídicas que teñan un dereito ou interese lexítimo.

b) As corporacións, asociacións, sindicatos e grupos e entidades a que se refire o artigo 18 que resulten afectados ou estean legalmente habilitados, para a defensa dos dereitos e intereses lexítimos colectivos.

c) A Administración do Estado, cando teña un dereito ou interese lexítimo, para impugna-los actos e disposicións da Administración das comunidades autónomas e dos organismos públicos vinculados a estas, así como os das entidades locais, de conformidade co disposto na lexislación de réxime local, e os de calquera outra entidade pública non sometida á súa fiscalización.

d) A Administración das comunidades autónomas, para impugna-los actos e disposicións que afecten o ámbito da súa autonomía, emanados da Administración do Estado e de calquera outra Administración ou organismo público, así como os das entidades locais, de conformidade co disposto na lexislación de réxime local.

e) As entidades locais territoriais, para impugna-los actos e disposicións que afecten o ámbito da súa autonomía, emanados das administracións do Estado e das comunidades autónomas, así como os de organismos públicos con personalidade xurídica propia vinculados a unha e a outras ou os doutras entidades locais.

f) O Ministerio Fiscal, para intervir nos procesos que determine a lei.

g) As entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera das administracións públicas, para impugna-los actos ou disposicións que afecten o ámbito dos seus fins.

h) Calquera cidadán, en exercicio da acción popular, nos casos expresamente previstos polas leis.

2. A Administración autora dun acto está lexitimada para impugnalos perante esta orde xurisdiccional, logo da súa declaración de lesividade para o interese público nos termos establecidos pola lei.

3. O exercicio de accións polos veciños en nome e interese das entidades locais réxese polo disposto na lexislación de réxime local.

Artigo 20.

Non poden interpor recurso contencioso-administrativo contra a actividade dunha Administración pública:

a) Os órganos dela e os membros dos seus órganos colexiados, agás que unha lei o autorice expresamente.

b) Os particulares cando actúen por delegación ou como simples axentes ou mandatarios dela.

c) As entidades de dereito público que sexan dependentes ou estean vinculadas ó Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, respecto da actividade da Administración da que dependen. Exceptúanse aquelas que por lei fosen dotadas dun estatuto específico de autonomía respecto da devandita Administración.

Artigo 21.

1. Considérase parte demandada:

a) As administracións públicas ou calquera dos órganos mencionados no artigo 1.3 contra a actividade dos cales se dirixa o recurso.

b) As persoas ou entidades con dereitos ou intereses lexítimos que puidesen quedar afectados pola estimación das pretensións do demandante.

2. Para efectos do disposto na alínea a) do punto anterior, cando se trate de organismos ou corporacións públicos suxeitos á fiscalización dunha Administración territorial, enténdese por Administración demandada:

a) O organismo ou corporación autores do acto ou disposición fiscalizados, se o resultado da fiscalización é aprobatorio.

b) A que exerza a fiscalización, se mediante ela non se aproba integramente o acto ou disposición.

3. Se o demandante fundase as súas pretensións na ilegalidade dunha disposición xeral, considerarase tamén parte demandada a Administración autora dela, aínda que non proceda dela a actuación contra a que se recorreu.

Artigo 22.

De a lexitimación das partes derivar dalgunha relación xurídica transmisible, o habente-causa poderá suceder en calquera estado do proceso á persoa que inicialmente actuase como parte.

CAPÍTULO III

Representación e defensa das partes

Artigo 23.

1. Nas súas actuacións perante órganos unipersonais, as partes poderanlle conferirla súa representación a un procurador e serán asistidas, en todo caso, por avogado. Cando as partes lle confiran a súa representación ó avogado, será a este a quen se lle notificarán as actuacións.

2. Nas súas actuacións perante órganos colexiados, as partes deberanlle conferirla súa representación a un procurador e ser asistidas por avogado.

3. Poderán, non obstante, comparecer en por si os funcionarios públicos en defensa dos seus dereitos estatutarios, cando se refiran a cuestións de persoal que non impliquen separación de empregados públicos inamovibles.

Artigo 24.

A representación e defensa das administracións públicas e dos órganos constitucionais réxese polo disposto na Lei orgánica do poder xudicial e na Lei de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas, así como nas normas que sobre a materia e no marco das súas competencias dictasen as comunidades autónomas.

TÍTULO III

Obxecto do recurso contencioso-administrativo

CAPÍTULO I

Actividade administrativa impugnabile

Artigo 25.

1. O recurso contencioso-administrativo é admisible en relación coas disposicións de carácter xeral e cos actos expresos e presuntos da Administración pública que poñan fin á vía administrativa, xa sexan definitivos ou de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continua-lo procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.

2. Tamén é admisible o recurso contra a inactividade da Administración e contra as súas actuacións materiais que constitúan vía de feito, nos termos establecidos nesta lei.

Artigo 26.

1. Ademais da impugnación directa das disposicións de carácter xeral, tamén é admisible a dos actos que se produzan en aplicación delas, fundada en que tales disposicións non son conformes a dereito.

2. A falta de impugnación directa dunha disposición xeral ou a desestimación do recurso que fronte a ela se interpuxese non impiden a impugnación dos actos de aplicación con fundamento no disposto no número anterior.

Artigo 27.

1. Cando un xuíz ou tribunal do contencioso-administrativo dictase unha sentenza firme estimatoria por considerar ilegal o contido da disposición xeral aplicada, deberá suscitarse a cuestión de ilegalidade perante o tribunal competente para coñecer do recurso directo contra a disposición, agás o disposto nos dous números seguintes.

2. Cando o xuíz ou tribunal competente para coñecer dun recurso contra un acto fundado na invalidez dunha disposición xeral o for tamén para coñecer do recurso directo contra esta, a sentenza declarará a validez ou a nulidade da disposición xeral.

3. Sen necesidade de suscitarse cuestión de ilegalidade, o Tribunal Supremo anulará calquera disposición xeral cando, en calquera grao, coñeza dun recurso contra un acto fundado na ilegalidade daquela norma.

Artigo 28.

Non é admisible o recurso contencioso-administrativo respecto dos actos que sexan reprodución doutros anteriores definitivos e firmes e os confirmatorios de actos consentidos por non se ter recorrido contra eles en tempo e forma.

Artigo 29.

1. Cando a Administración, en virtude dunha disposición xeral que non precise de actos de aplicación ou en virtude dun acto, contrato ou convenio administrativo, estea obrigada a realizar unha prestación concreta en favor dunha ou varias persoas determinadas, quen tivese dereito a ela pode reclamar da Administración o cumprimento da dita obriga. Se no prazo de tres meses desde a data da reclamación, a Administración non lle dese cumprimento ó solicitado ou non chegase a un acordo cos interesados, estes poden deducir recurso contencioso-administrativo contra a inactividade da Administración.

2. Cando a Administración non execute os seus actos firmes os afectados poderán solicita-la súa execución, e se esta non se produce no prazo dun mes desde tal petición, poderán os solicitantes formular recurso contencioso-administrativo, que se tramitará polo procedemento abreviado regulado no artigo 78.

Artigo 30.

En caso de vía de feito, o interesado poderá formular requirimento contra a Administración actuante, intimando a súa cesación. Se a dita intimación non fose formulada ou non fose atendida dentro dos dez días seguintes á presentación do requirimento, poderá deducir directamente recurso contencioso-administrativo.

CAPÍTULO II

Pretensións das partes

Artigo 31.

1. O demandante poderá pretender a declaración de non seren conformes a dereito e, se é o caso, a anulación dos actos e disposicións susceptibles de impugnación segundo o capítulo precedente.

2. Tamén poderá pretender o recoñecemento dunha situación xurídica individualizada e a adopción das medidas adecuadas para o seu pleno restablecemento, entre delas a indemnización dos danos e perdas, cando proceda.

Artigo 32.

1. Cando o recurso se dirixa contra a inactividade da Administración pública, conforme o disposto no artigo 29, o demandante poderá pretender do órgano xurisdiccional que condene a Administración ó cumprimento das súas obrigas nos concretos termos en que estean establecidas.

2. Se o recurso ten por obxecto unha actuación material constitutiva de vía de feito, o demandante poderá pretender que se declare contraria a dereito, que se ordene o cesamento da dita actuación e que se adopten, se é o caso, as demais medidas previstas no artigo 31.2.

Artigo 33.

1. Os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativa xulgarán dentro do límite das pretensións formuladas polas partes e dos motivos que fundamenten o recurso e a oposición.

2. Se o xuíz ou o tribunal, ó dictar sentenza, estimar que a cuestión sometida ó seu coñecemento puidese non ter sido apreciada debidamente polas partes, por existiren en aparencia outros motivos susceptibles de funda-lo recurso ou a oposición, someterao a aquelas mediante providencia en que, advertindo que non se prexulga a decisión definitiva, os exporá e lles concederá ós interesados un prazo común de dez días para que formulen as alegacións que coiden oportunas, con suspensión do prazo para pronuncia-la sentenza. Contra a expresada providencia non caberá ningún recurso.

3. Isto mesmo se observará se, impugnados directamente determinados preceptos dunha disposición xeral, o tribunal entendese necesario estende-lo axuizamento a outros da mesma disposición por razóns de conexión ou consecuencia cos preceptos contra os que se recorreu.

CAPÍTULO III

Acumulación

Artigo 34.

1. Serán acumulables nun proceso as pretensións que se deduzan en relación cun mesmo acto, disposición ou actuación.

2. Serano tamén as que se refiran a varios actos, disposicións ou actuacións cando uns sexan reprodución, confirmación ou execución doutros ou exista entre eles calquera outra conexión directa.

Artigo 35.

1. O demandante poderá acumular na súa demanda cantas pretensións reúnan os requisitos sinalados no artigo anterior.

2. Se o órgano xurisdiccional non estimar pertinente a acumulación, ordenaralle á parte que interpoña por separado os recursos no prazo de trinta días e, se non o efectuar, considerarase caducado aquel recurso respecto do cal non se dese cumprimento ó ordenado.

Artigo 36.

1. Se antes da sentenza se dictar ou se tiver coñecemento da existencia de calquera acto, disposición ou actuación que garde co que sexa obxecto do recurso en tramitación a relación prevista no artigo 34, o demandante poderá solicitar, dentro do prazo que sinala o artigo 46, a ampliación do recurso a aquel acto administrativo, disposición ou actuación.

2. Desta petición, que producirá a suspensión do curso do procedemento, daráselles traslado ás partes para que presenten alegacións no prazo común de cinco días.

3. Se o órgano xurisdiccional acceder á ampliación, continuará a suspensión da tramitación do proceso entretanto non se acade respecto daquela o mesmo estado que tiver o procedemento inicial.

4. Será así mesmo aplicable o disposto no punto 1 deste artigo cando nos recursos contencioso-administrativos interpostos contra actos presuntos a Administración dictar durante a súa tramitación resolución expresa respecto da pretensión inicialmente deducida. En tal caso o recorrente poderá desistir do recurso interposto con fundamento na aceptación da resolución expresa que se dictase ou solicita-la ampliación á resolución expresa. Unha vez producida a desistencia do recurso inicialmente interposto, o prazo para recorrer contra a resolución expresa, que será de dous meses, contarase desde o día seguinte ó da súa notificación.

Artigo 37.

1. Interpostos varios recursos contencioso-administrativos con ocasión de actos, disposicións ou actuacións nos que conorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 34, o órgano xurisdiccional poderá en calquera momento procesual, logo de audiencia das partes por un prazo común de cinco días, acorda-la acumulación de oficio ou por instancia dalgunha delas.

2. Cando perante un xuíz ou tribunal estiver pendente unha pluralidade de recursos con idéntico obxecto, o órgano xurisdiccional poderá non acumulalos e tramitar un ou varios con carácter preferente, logo de audiencia das partes por un prazo común de cinco días, suspendendo o curso dos demais ata que se dicte sentenza nos primeiros. A sentenza deberalles ser notificada ás partes afectadas pola suspensión, as cales poderán optar por solicita-la extensión dos seus efectos nos termos do artigo 111, pola continuación do seu procedemento ou pola desistencia.

Artigo 38.

1. A Administración comunicaralle ó tribunal, ó remitirle o expediente administrativo, se ten coñecemento da existencia doutros recursos contencioso-adminis-

trativos nos que poidan concorre-los supostos de acumulación que prevén o presente capítulo.

2. O secretario xudicial porá en coñecemento do xuíz os procesos que se tramiten na súa secretaría nos que poidan concorre-los supostos de acumulación que prevén o presente capítulo.

Artigo 39.

Contra as resolucións sobre acumulación, ampliación e tramitación preferente só se dará recurso de súplica.

CAPÍTULO IV

Contía do recurso

Artigo 40.

1. O órgano xurisdiccional fixará a contía do recurso contencioso-administrativo unha vez formulados os escritos de demanda e contestación, nos que as partes poderán expoñer, por medio de outrosí, o seu parecer ó respecto.

2. Cando así non se fixer, o xulgado ou tribunal requirirá o demandante para que fixe a contía, e concederalle para o efecto un prazo non superior a dez días; transcorrido este sen o ter realizado haberase que ater á que fixe o órgano xurisdiccional, logo de audiencia do demandado.

3. Cando o demandado non estiver de acordo coa contía fixada polo demandante exporao por escrito dentro do termo de dez días; o incidente tramitarase consonte o disposto para estes casos na Lei de axuizamento civil.

4. Contra o auto de fixación de contía non caberá ningún recurso, pero a parte prexudicada poderá fundalo de queixa na súa indebida determinación, se non se tiver por preparado o recurso de casación ou non se admitir o recurso de casación para a unificación de doutrina ou o de apelación.

Artigo 41.

1. A contía do recurso contencioso-administrativo virá determinada polo valor económico da pretensión obxecto del.

2. Cando existan varios demandantes, haberase que ater ó valor económico da pretensión deducida por cada un deles, e non á suma de todos.

3. Nos supostos de acumulación ou de ampliación, a contía virá determinada pola suma do valor económico das pretensións obxecto daquelas, pero non lles comunicará ás de contía inferior a posibilidade de casación ou apelación.

Artigo 42.

1. Para fixa-lo valor económico da pretensión teranse en conta as normas da lexislación procesual civil, coas especialidades seguintes:

a) Cando o demandante solicite soamente a anulación do acto, atenderase ó contido económico deste, para o cal se terá en conta o débito principal, pero non as recargas, as custas nin calquera outra clase de responsabilidade, agás que calquera destas fose de importe superior a aquel.

b) Cando o demandante solicite, ademais da anulación, o recoñecemento dunha situación xurídica indi-

vidualizada, ou cando solicite o cumprimento dunha obriga administrativa, a contía virá determinada:

Primeiro. Polo valor económico total do obxecto da reclamación, se a Administración pública denegase totalmente, en vía administrativa, as pretensións do demandante.

Segundo. Pola diferenza da contía entre o obxecto da reclamación e o do acto que motivou o recurso, se a Administración recoñecese parcialmente, en vía administrativa, as pretensións do demandante.

2. Reputaranse de contía indeterminada os recursos dirixidos a impugnar directamente as disposicións xerais, incluídos os instrumentos normativos de planeamento urbanístico, os que se refiran ós funcionarios públicos cando non versen sobre dereitos ou sancións susceptibles de valoración económica, así como aqueles nos que xunto a pretensións avaliábeles economicamente se acumulen outras non susceptibles de tal valoración.

TÍTULO IV

Procedemento contencioso-administrativo

CAPÍTULO I

Procedemento en primeira ou única instancia

SECCIÓN 1.^a DILIXENCIAS PRELIMINARES

Artigo 43.

Cando a propia Administración autora dalgún acto pretenda demanda-la súa anulación perante a xurisdicción contencioso-administrativa deberá, previamente, declaralo lesivo para o interese público.

Artigo 44.

1. Nos litixios entre administracións públicas non caberá interpoñer recurso en vía administrativa. Malia iso, cando unha Administración interpoña recurso contencioso-administrativo contra outra, poderaa requirir previamente para que derogue a disposición, anule ou revogue o acto, faga cesar ou modifique a actuación material, ou inicie a actividade a que estea obrigada.

2. O requirimento deberase dirixir ó órgano competente mediante escrito razoado que concretará a disposición, acto, actuación ou inactividade, e deberase producir no prazo de dous meses contados desde a publicación da norma ou desde que a Administración requiriente coñecese ou puidese coñece-lo acto, actuación ou inactividade.

3. O requirimento entenderase rexeitado se, dentro do mes seguinte á súa recepción, o requirido non o contestase.

4. Queda a salvo o disposto sobre esta materia na lexislación de réxime local.

SECCIÓN 2.^a INTERPOSICIÓN DO RECURSO E RECLAMACIÓN DO EXPEDIENTE

Artigo 45.

1. O recurso contencioso-administrativo iniciábase por un escrito que se reduza a cita-la disposición, acto, inactividade ou actuación constitutiva de vía de feito

que se impugne e a solicitar que se teña por interposto o recurso, agás cando esta lei dispoña outra cosa.

2. A este escrito xuntaráse:

a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo xulgado ou tribunal, caso en que se poderá solicitar que se expida unha certificación para a unir ós autos.

b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do demandante cando a teña por Ila ter transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.

c) A copia ou traslado da disposición ou do acto expreso contra os que se recorra, ou indicación do expediente en que recaese o acto ou o periódico oficial en que a disposición se publicase. Se o obxecto do recurso fose a inactividade da Administración ou unha vía de feito, mencionárase o órgano ou dependencia ó que se lle atribúa unha ou outra, se é o caso, o expediente en que tivesen orixe, ou calquera outro dato que sirva para identificar suficientemente o obxecto do recurso.

d) O documento ou documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos para as persoas xurídicas iniciaren accións consonte as normas ou estatutos que lles sexan de aplicación, agás que se incorporasen ou inserisen no pertinente dentro do corpo do documento mencionado na letra a) deste mesmo punto.

3. O xulgado ou a sala examinará de oficio a validez da comparecencia tan pronto como se presente o escrito de interposición. Se a canda este non se xuntan os documentos expresados no punto anterior ou os presentados son incompletos e, en xeral, sempre que o xulgado ou a sala coide que non concorren os requisitos esixidos por esta lei para a validez da comparecencia, requirirá inmediatamente a emenda deles, e sinalará un prazo de dez días para que o recorrente a poida levar a efecto, e se non o fai, ordenarase o arquivo das actuacións.

4. O recurso de lesividade iniciarase por demanda formulada consonte o artigo 56.1, que fixará con precisión a persoa ou persoas demandadas e a súa sede ou o seu domicilio se constase. A esta demanda xuntaráse en todo caso a declaración de lesividade, o expediente administrativo e, se procede, os documentos das letras a) e d) do número 2 deste artigo.

5. O recurso dirixido contra unha disposición xeral, acto, inactividade ou vía de feito en que non existan terceiros interesados poderase iniciar tamén mediante demanda en que se concretará a disposición, acto ou conducta impugnados e se razoará a súa desconformidade a dereito. Coa demanda xuntaranse os documentos que procedan dos previstos no número 2 deste artigo.

Artigo 46.

1. O prazo para interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo será de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación da disposición impugnada ou ó da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se for expreso. Se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

2. Nos supostos previstos no artigo 29, os dous meses contarase a partir do día seguinte ó do vencemento dos prazos sinalados no dito artigo.

3. Se o recurso contencioso-administrativo se dirixe contra unha actuación en vía de feito, o prazo para interpoñer-lo recurso será de dez días contados desde o día seguinte ó de remate do prazo establecido no artigo 30. Se non houber requirimento, o prazo será de vinte días desde o día en que se iniciou a actuación administrativa en vía de feito.

4. O prazo para interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo contarase desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender presuntamente desestimado.

5. O prazo para interpoñer recurso de lesividade será de dous meses contados a partir do día seguinte ó da data da declaración de lesividade.

6. Nos litixios entre administracións, o prazo para interpoñer recurso contencioso-administrativo será de dous meses, agás que por lei se estableza outra cosa. Se precedeu o requirimento regulado nos tres primeiros puntos do artigo 44, o prazo contarase desde o día seguinte a aquel en que se reciba a comunicación do acordo expreso ou se entenda presuntamente rexeitado.

Artigo 47.

1. Unha vez cumprido o disposto no artigo 45.3, o xulgado ou a sala, no seguinte día hábil, acordará, se o solicita o recorrente, que se anuncie a interposición do recurso e remitirá o oficio para a súa publicación polo órgano competente, sen prexuízo de que sexa custeada polo recorrente, no periódico oficial que proceda atendendo o ámbito territorial de competencia do órgano autor da actividade administrativa contra a que se recorreu. O xulgado ou a sala poderá tamén acordar de oficio a publicación, se o coida conveniente.

2. Se se iniciou o recurso mediante demanda nos supostos previstos polo artigo 45.5, deberase proceder á publicación do anuncio de interposición daquel, no que se concederán quince días para se constituír en parte quen teña interese lexítimo en soste-la conformidade a dereito da disposición, acto ou conducta impugnados. Transcorrido este prazo, procederase a dar traslado da demanda e dos documentos que a acompañen para que sexa contestada primeiro pola Administración e despois polos demais demandados que se constituísen en parte.

Artigo 48.

1. O órgano xurisdiccional, ó acorda-lo previsto no número 1 do artigo anterior, ou mediante resolución se a publicación non for necesaria, requirirá a Administración para que lle remita o expediente administrativo, ordenándolle que practique os emprazamentos previstos no artigo 49. O expediente reclamaráselle ó órgano autor da disposición ou acto impugnado ou a aquel ó que se lle impute a inactividade ou vía de feito. Farase sempre unha copia autenticada dos expedientes tramitados en graos ou fases anteriores, antes de os devolver á súa oficina de procedencia.

2. Non se reclamará o expediente no caso do número 2 do artigo anterior, sen prexuízo da facultade outorgada polo punto 5 deste artigo 48.

3. O expediente deberá ser remitido no prazo improrrogable de vinte días, contados desde que a comunicación xudicial teña entrada no rexistro xeral do órgano requirido. A entrada porase en coñecemento do órgano xurisdiccional.

4. O expediente, orixinal ou copiado, enviarase completo, foliado e, se é o caso, autenticado, acompañado dun índice, así mesmo autenticado, dos documentos que conteña. A Administración conservará sempre o orixinal ou unha copia autenticada dos expedientes que envíe. Se o expediente fose reclamado por diversos xulgados ou tribunais, a Administración enviará copias autenticadas do orixinal ou da copia que conserve.

5. Se o recurso contra a disposición se iniciou por demanda, o tribunal poderá solicitar de oficio ou por pedimento do demandante o expediente de elaboración. Recibido o expediente, poráselles de manifesto ás partes por cinco días para que formulen alegacións.

6. Excluíranse do expediente, mediante resolución motivada, os documentos clasificados como segredo oficial, facéndoo constar así no índice de documentos e no lugar do expediente onde se encontraran os documentos excluídos.

7. Transcorrido o prazo de remisión do expediente sen se ter recibido completo, reiterarase a reclamación, e se non se enviase ó termo de dez días contados como dispón o número 3, imporáselle unha multa coercitiva de 50.000 a 200.000 pesetas á autoridade ou empregado responsable. A multa será reiterada cada vinte días, ata o cumprimento do requirido.

De se da-la causa de imposibilidade de determinación individualizada da autoridade ou empregado responsable, a Administración será a responsable do pagamento da multa sen prexuízo de que se repercuta contra o responsable.

8. Aquel a quen se lle impuxer a multa prevista no número anterior poderá ser oído en xustiza. A audiencia en xustiza pedirase no prazo dos tres días seguintes ó da notificación da multa, mediante escrito presentado, sen necesidade de procurador ou avogado, perante o xuíz ou o tribunal que a impuxer. A audiencia será resolta mediante auto contra o que non caberá ningún recurso.

9. Se non se aboasen voluntariamente, as multas firmes faranse efectivas por vía xudicial de constrinximento.

10. Impostas as tres primeiras multas coercitivas sen lograr que se remita o expediente completo, o xuíz ou o tribunal porá os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de seguir impoñendo novas multas. O requirimento non atendido que poida dar lugar á terceira multa coercitiva conterà o oportuno apercebimento.

SECCIÓN 3.^a EMPRAZAMENTO DOS DEMANDADOS E ADMISIÓN DO RECURSO

Artigo 49.

1. A resolución pola que se acorde remiti-lo expediente notificaráselles, nos cinco días seguintes á súa adopción, a cantos aparezan como interesados nel, emprazándoos para que se poidan constituír en parte como demandados no prazo de nove días. A notificación practícarase consonte o disposto na lei que regule o procedemento administrativo común.

2. Feitas as notificacións, enviaráselle o expediente ó xulgado ou tribunal, incorporando a xustificación do emprazamento ou emprazamentos efectuados, agás que non se puidesen practicar dentro do prazo fixado para a remisión do expediente, caso en que este se enviará sen demora, e a xustificación dos emprazamentos unha vez que se ultimen.

3. Recibido o expediente, o xulgado ou tribunal, á vista do resultado das actuacións administrativas e do

contido do escrito de interposición e documentos anexos, comprobará que se efectuaron as debidas notificacións para emprazamento e, se advertir que son incompletas, ordenaralle á Administración que se practiquen as necesarias para asegura-la defensa dos interesados que sexan identificables.

4. Cando non fose posible emprazar algún interesado no domicilio que conste, o xuíz ou tribunal mandará inseri-lo correspondente edicto no mesmo periódico oficial en que se publicase o anuncio da interposición. Os emprazados por edictos poderanse constituír en parte ata o momento en que se les deba dar traslado para contestaren a demanda.

5. No suposto previsto no artigo 47.2 será de observancia ó que nel se dispón.

6. O emprazamento dos demandados no recurso de lesividade efectuarase persoalmente por un prazo de nove días.

Artigo 50.

1. O emprazamento da Administración entenderase efectuado pola reclamación do expediente.

2. As administracións públicas entenderanse constituídas en parte polo envío do expediente.

3. Os demandados legalmente emprazados poderanse constituír en parte no procedemento dentro do prazo concedido. Se o fixeren posteriormente, serán tidos por parte para os trámites non precluídos. De non se constituíren en parte oportunamente continuará o procedemento polos seus trámites, sen que haxa lugar a lles practicar, en estrados ou en calquera outra forma, notificacións de ningunha clase.

Artigo 51.

1. O xulgado ou a sala, logo de reclamación e exame do expediente administrativo, se o considera necesario, declarará que non corresponde en dereito a admisión do recurso cando conste de modo inequívoco e manifesto:

- a) A falta de xurisdicción ou a incompetencia do xulgado ou tribunal.
- b) A falta de lexitimación do recorrente.
- c) Que o recurso se interpuxo contra unha actividade non susceptible de impugnación.
- d) Que caducou o prazo de interposición do recurso.

2. O xulgado ou a sala poderá inadmiti-lo recurso cando se desestimasen no fondo outros recursos substancialmente iguais por sentenza firme, mencionando, neste último caso, a resolución ou resolucións desestimatorias.

3. Cando se impugne unha actuación material constitutiva de vía de feito, o xulgado ou a sala poderá tamén inadmiti-lo recurso se fose evidente que a actuación administrativa se produciu dentro da competencia e de conformidade coas regras do procedemento legalmente establecido.

Así mesmo, cando se impugne a non-realización pola Administración das obrigas a que se refire o artigo 29, o recurso inadmitirase se fose evidente a ausencia de obriga concreta da Administración respecto dos recorrentes.

4. O xulgado ou a sala, antes de se pronunciar sobre a inadmisión do recurso, faralles saber ás partes o motivo en que se puidese fundar para que, no prazo común

de dez días, aleguen o que estimen procedente e acheguen os documentos a que houbese lugar.

5. Contra o auto que declare a inadmisión poderanse interpoñer os recursos previstos nesta lei. Contra o auto de admisión non se poderá recorrer pero poderase opoñer calquera motivo de inadmisibilidade nun momento procesual posterior.

6. Declarada a inadmisión ó abeiro do establecido na letra a) do punto 1 deste artigo, haberase que ater ó que determinan os artigos 5.3 e 7.3.

SECCIÓN 4.^a DEMANDA E CONTESTACIÓN

Artigo 52.

1. Recibido o expediente administrativo no xulgado ou no tribunal e comprobados e, se é o caso, completados os emprazamentos, acordarase que se lle entregue ó recorrente para que se deduza a demanda no prazo de vinte días. Cando os recorrentes fosen varios e aínda que non actuasen baixo unha mesma dirección, a demanda será formulada simultaneamente por todos eles. A entrega do expediente efectuarase en orixinal ou en copia.

2. Se a demanda non se presentase dentro do prazo, o xulgado ou a sala, de oficio, declarará por auto a caducidade do recurso. Malia iso, admitirase o escrito de demanda, e producirá os seus efectos legais, se se presentar dentro do día en que se notifique o auto.

Artigo 53.

1. Transcorrido o termo para a remisión do expediente administrativo sen que este fose enviado, a parte recorrente poderá pedir, en por si ou por iniciativa do xuíz ou do tribunal, que se lle conceda un prazo para formaliza-la demanda.

2. Se despois de que a parte demandante fixese uso do dereito establecido no punto anterior se recibise o expediente, este poráselles de manifesto ás partes demandantes e, se é o caso, demandadas por prazo común de dez días para que poidan efectua-las alegacións complementarias que coiden oportunas.

Artigo 54.

1. Presentada a demanda, daráselles traslado dela, con entrega do expediente administrativo, ás partes demandadas que comparecesen, para que a contesten no prazo de vinte días. Se a demanda se formalizase sen se ter recibido o expediente administrativo, emprazarase a Administración demandada para contestar, apercibíndoa de que non se admitirá a contestación se non vai acompañada do dito expediente.

2. Se o defensor da Administración demandada estima que a disposición ou actuación administrativa contra a que se recorreu puidese non se axustar a dereito, poderá solicita-la suspensión do procedemento por un prazo de vinte días para lle comunica-lo seu parecer razoado a aquela.

3. A contestación será formulada primeiro pola Administración demandada. Cando o tiveren que facer, ademais da Administración, outros demandados, e aínda que non actuaren baixo unha mesma dirección, a contestación será formulada asemade por todos eles. Neste caso non haberá lugar á entrega do expediente administrativo, que será posto de manifesto na secretaría,

pero si da copia del, cos gastos por conta destes demandados.

4. Se a Administración demandada for unha entidade local e non se constituíse en parte no proceso malia ter sido emprazada, daráselle traslado da demanda, non obstante, para que, no prazo de vinte días, poida designar representante en xuízo ou comunicarlle ó xuíz ou ó tribunal, por escrito, os fundamentos polos que estimar improcedente a pretensión do demandante.

Artigo 55.

1. Se as partes estimasen que o expediente administrativo non está completo, poderán solicitar, dentro do prazo para formula-la demanda ou a contestación, que se reclamen os antecedentes para o completar.

2. A solicitude a que se refire o número anterior suspenderá o curso do prazo correspondente.

3. O xulgado ou a sala resolverá o pertinente no prazo de tres días. A Administración, ó remitir de novo o expediente, deberá indicar no índice a que se refire o artigo 48.4 os documentos que se adicionaron.

Artigo 56.

1. Nos escritos de demanda e de contestación consignaranse coa debida separación os feitos, os fundamentos de dereito e as pretensións que se deduzan, en xustificación das cales se poderán alegar cantos motivos procedan, fosen ou non formulados perante a Administración.

2. O xulgado ou o tribunal examinará de oficio a demanda e requirirá que se emenden as faltas que teña nun prazo non superior a dez días. Se a reparación non se efectuase en tempo, ordenarase o arquivo das actuacións.

3. Coa demanda e a contestación as partes xuntarán os documentos en que directamente funden o seu dereito, e se non constasen no seu poder, designarán o arquivo, oficina, protocolo ou persoa en poder dos cales se encontren.

4. Despois da demanda e contestación non se lles admitirán ás partes máis documentos cós que se encontren nalgún dos casos previstos para o proceso civil. Non obstante, o demandante poderá achegar, ademais, os documentos que teñan por obxecto desvirtuar alegacións contidas nas contestacións á demanda e que poñan de manifesto desconformidade nos feitos, antes da citación de vista ou conclusións.

Artigo 57.

O demandante poderá pedir por outrosí na súa demanda que o recurso se resolva sen necesidade de recibimento a proba nin tampoco de vista ou conclusións. Se a parte demandada non se opón, o preito será declarado conclusivo, sen máis trámites, para sentencia unha vez contestada a demanda, agás que o xuíz ou o tribunal faga uso da facultade que lle atribúe o artigo 61.

SECCIÓN 5.^a ALEGACIÓNS PREVIAS

Artigo 58.

1. As partes demandadas poderán alegar, dentro dos primeiros cinco días do prazo para contestaren a demanda, os motivos que puideren determina-la incompetencia do órgano xurisdiccional ou a inadmisibilidade

do recurso consonte o disposto no artigo 69, sen prexuízo de que tales motivos, agás a incompetencia do órgano xurisdiccional, poidan ser alegados na contestación, mesmo se fosen desestimados como alegación previa.

2. Para facer uso deste trámite a Administración demandada terá que achega-lo expediente administrativo se non o remitiu antes.

Artigo 59.

1. Do escrito no que se formulan alegacións previas daráselle traslado por cinco días ó demandante, o cal poderá emenda-lo defecto, se proceder, no prazo de dez días.

2. Formalizado o traslado, seguirase a tramitación prevista para os incidentes.

3. O auto desestimatorio das alegacións previas non será susceptible de recurso e disporá que se conteste a demanda no prazo que quede.

4. Unha vez firme o auto estimatorio das alegacións previas, declararase a inadmisibilidade do recurso e ordenarase a devolución do expediente administrativo á oficina da cal proceder. Se se declarase a falta de xurisdicción ou de competencia, haberá que se ater ó que determinan os artigos 5.3 e 7.3.

SECCIÓN 6.^a PROBA

Artigo 60.

1. Só se poderá pedi-lo recibimento a proba do proceso por medio de outrosí, nos escritos de demanda e contestación e nos de alegacións complementarias. Nos ditos escritos deberanse expresar en forma ordenada os puntos de feito sobre os que teña que versa-la proba.

2. Se da contestación á demanda resultasen novos feitos de transcendencia para a resolución do preito, o recorrente poderá pedi-lo recibimento a proba dentro dos tres días seguintes a aquel en que se dese traslado dela, sen prexuízo de que poida facer uso do seu dereito a achegar documentos conforme o disposto no artigo 56.4.

3. Recibirase o proceso a proba cando exista desconformidade nos feitos e estes fosen de transcendencia, a xuízo do órgano xurisdiccional, para a resolución do preito. Se o obxecto do recurso fose unha sanción administrativa ou disciplinaria, o proceso recibirase sempre a proba cando exista desconformidade nos feitos.

4. A proba desenvolverase consonte as normas xerais establecidas para o proceso civil, se ben o prazo será de quince días para propoñer e de trinta para practicar. Non obstante, poderánselle achegar ó proceso as probas practicadas fóra deste prazo por causas non imputables á parte que as propuxo.

5. As salas poderán delegar nun dos seus maxistrados ou nun xulgado do contencioso-administrativo a práctica de todas ou dalgunhas das dilixencias probatorias, e o representante en autos da Administración poderá, pola súa vez, delegar nun funcionario público dela a facultade de intervir na práctica de probas.

6. No acto de emisión da proba pericial o xuíz outorgará, por pedimento de calquera das partes, un prazo non superior a tres días para que as partes poidan solicitar aclaracións ó dictame emitido.

Artigo 61.

1. O xuíz ou o tribunal poderá acordar de oficio o recibimento a proba e dispoñe-la práctica de cantas estime pertinentes para a máis acertada decisión do asunto.

2. Finalizado o período de proba, e ata que o preito sexa declarado concluído para sentencia, o órgano xurisdiccional poderá tamén acorda-la práctica de calquera dilixencia de proba que estimar necesaria.

3. As partes terán intervención nas probas que se practiquen ó abeiro do previsto nos dous números anteriores.

4. Se o xuíz ou o tribunal fixer uso da súa facultade de acordar de oficio a práctica dunha proba, e as partes carecesen de oportunidade para alegaren sobre iso na vista ou no escrito de conclusións, o resultado da proba poráselles de manifesto ás partes, as cales poderán, no prazo de tres días, alegar canto coiden conveniente acerca do seu alcance e importancia.

5. O xuíz poderá acordar de oficio, logo de audiencia ás partes, ou ben por instancia delas a extensión dos efectos das probas periciais ós procedementos conexas. Para os efectos da aplicación das normas sobre custas procesuais en relación ó custo destas probas entenderase que son partes tódolos intervenientes nos procesos sobre os cales se acordase a extensión dos seus efectos, rateándose o seu custo entre os obrigados nos ditos procesos ó pagamento das custas.

SECCIÓN 7.^a VISTA E CONCLUSIÓN

Artigo 62.

1. Agás que nesta lei se dispoña outra cousa, as partes poderán solicitar que se celebre vista, que se presenten conclusións ou que o preito sexa declarado concluído, sen máis trámites, para sentencia.

2. A dita solicitude terá que se formular por medio de outrosí nos escritos de demanda ou contestación ou por escrito presentado no prazo de tres días contados desde que se notifique a dilixencia de ordenación que declare concluído o período de proba.

3. O xulgado ou o tribunal proverá segundo o que coincidentemente solicitasen as partes. Noutro caso, só acordará a celebración de vista ou a formulación de conclusións escritas cando o solicite o demandante ou cando, practicada proba, o solicite calquera das partes; todo iso sen prexuízo do disposto no número 4 do artigo 61.

4. Se as partes non formulasen ningunha solicitude o xuíz ou o tribunal, excepcionalmente, atendida a índole do asunto, poderá acorda-la celebración de vista ou a formulación de conclusións escritas.

Artigo 63.

1. Se se acordase a celebración de vista, a data da audiencia será sinalada por rigorosa orde de antigüidade dos asuntos, agás os referentes a materias que por prescrición da lei ou por acordo motivado do órgano xurisdiccional, fundado en circunstancias excepcionais, deban ter preferencia, os cales, estando concluídos, poderán ser antepostos ós demais para os que aínda non se fixese o sinalamento.

2. No acto da vista, daráselle-la palabra ás partes pola súa orde para que de forma sucinta expoñan as súas alegacións. O xuíz ou o presidente da sala, en por

si ou a través do maxistrado relator, poderá invita-los defensores das partes, antes ou despois dos informes orais, a que concreten os feitos e puntualicen, aclaren ou rectifiquen canto sexa preciso para delimita-lo obxecto do debate.

Artigo 64.

1. Cando se acorde o trámite de conclusións, as partes presentarán unhas alegacións sucintas acerca dos feitos, a proba practicada e os fundamentos xurídicos en que apoién as súas pretensións.

2. O prazo para formula-lo escrito será de dez días sucesivos para os demandantes e demandados; será simultáneo para cada un destes grupos de partes se nalgún deles comparecese máis dunha persoa e non actuasen unidos baixo unha mesma representación.

3. O sinalamento de día para a votación e a decisión xudicial axustarase á orde expresada no número 1 do artigo anterior.

4. Celebrada a vista ou presentadas as conclusións, o xuíz ou o tribunal declarará que o preito quedou concluso para sentenza, agás que faga uso da facultade a que se refire o número 2 do artigo 61; neste caso caso a tal declaración farase inmediatamente despois de que finalice a práctica da dilixencia ou dilixencias de proba acordadas.

Artigo 65.

1. No acto da vista ou no escrito de conclusións non se poderán formular cuestións que non fosen suscitadas nos escritos de demanda e contestación.

2. Cando o xuíz ou o tribunal xulgue oportuno que no acto da vista ou nas conclusións se traten motivos relevantes para a decisión xudicial, e distintos dos alegados, porao en coñecemento das partes mediante providencia, e daralles un prazo de dez días para seren oídas sobre iso. Contra esta providencia non caberá ningún recurso.

3. No acto da vista, ou no escrito de conclusións, o demandante poderá solicitar que a sentenza formule un pronunciamento concreto sobre a existencia e contía dos danos e perdas do resarcimento dos cales se trate, se xa constasen probados en autos.

Artigo 66.

Os recursos directos contra disposicións xerais gozarán de preferencia e, unha vez conclusos, serán antepostos para a súa votación e resolución a calquera outro recurso contencioso-administrativo, sexa cal for a súa instancia ou grao, agás o proceso especial de protección de dereitos fundamentais.

SECCIÓN 8.^a SENTENCIA

Artigo 67.

1. A sentenza dictarase no prazo de dez días desde que o preito fose declarado concluso e decidirá tódalas cuestións controvertidas no proceso.

2. Cando o xuíz ou o tribunal apreciase que a sentenza non se poderá dictar dentro do prazo indicado, razoarao debidamente e sinalará unha data posterior concreta na que se dictará aquela, notificándolle ás partes.

Artigo 68.

1. A sentenza pronunciará algunha das decisións seguintes:

- a) Inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo.
- b) Estimación ou desestimación do recurso contencioso-administrativo.

2. A sentenza conterá ademais o pronunciamento que corresponda respecto das custas.

Artigo 69.

A sentenza declarará a inadmisibilidade do recurso ou dalgunha das pretensións nos casos seguintes:

- a) Que o xulgado ou o tribunal contencioso-administrativo careza de xurisdicción.
- b) Que fose interposto por persoa incapaz, non debidamente representada ou non lexitimada.
- c) Que tivese por obxecto disposicións, actos ou actuacións non susceptibles de impugnación.
- d) Que recaese sobre cousa xulgada ou existise litispendencia.
- e) Que se presentase o escrito inicial do recurso fóra do prazo establecido.

Artigo 70.

1. A sentenza desestimaré o recurso cando se axusten a dereito a disposición, o acto ou a actuación impugnados.

2. A sentenza estimará o recurso contencioso-administrativo cando a disposición, a actuación ou o acto incorresen en calquera infracción do ordenamento xurídico, mesmo a desviación de poder.

Enténdese por desviación de poder o exercicio de potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico.

Artigo 71.

1. Cando a sentenza estime o recurso contencioso-administrativo:

a) Declarará non ser conforme a dereito e, se é o caso, anulará total ou parcialmente a disposición ou o acto contra o que se recorreu ou disporá que cese ou se modifique a actuación impugnada.

b) Se se pretendese o recoñecemento e o restablecemento dunha situación xurídica individualizada, recoñecerá esa situación xurídica e adoptará cantas medidas sexan necesarias para o pleno restablecemento dela.

c) Se a medida consistise na emisión dun acto ou na práctica dunha actuación xurídicamente obrigatoria, a sentenza poderá establecer un prazo para que se cumpra a decisión.

d) Se fose estimada unha pretensión de resarcir danos e perdas, declararase en todo caso o dereito á reparación, sinalando así mesmo quén está obrigado a indemnizar. A sentenza fixará tamén a contía da indemnización cando o pida expresamente o demandante e consten probados en autos elementos suficientes para iso. Noutro caso, estableceranse as bases para determina-la contía, a definitiva concreción da cal quedará adiada ata o período de execución de sentenza.

2. Os órganos xurisdiccionais non poderán determina-la forma en que han de quedar redactados os preceptos dunha disposición xeral en substitución dos que anulasen nin poderán determina-lo contido discrecional dos actos anulados.

Artigo 72.

1. A sentenza que declare a inadmisibilidade ou desestimación do recurso contencioso-administrativo só producirá efectos entre as partes.

2. A anulación dunha disposición ou acto producirá efectos para tódalas persoas afectadas. As sentencias firmes que anulen unha disposición xeral terán efectos xerais desde o día en que sexa publicada a súa parte dispositiva e os preceptos anulados no mesmo periódico oficial en que fose publicada a disposición anulada. Tamén se publicarán as sentencias firmes que anulen un acto administrativo que afecte unha pluralidade indeterminada de persoas.

3. A estimación de pretensións de recoñecemento ou restablecemento dunha situación xurídica individualizada só producirá efectos entre as partes. Non obstante, tales efectos poderanse estender a terceiros nos termos previstos nos artigos 110 e 111.

Artigo 73.

As sentencias firmes que anulen un precepto dunha disposición xeral non afectarán en por si a eficacia das sentencias ou actos administrativos firmes que o aplícase antes de que a anulación acadase efectos xerais, agás no caso de que a anulación do precepto supuxese a exclusión ou a redución das sancións aínda non executadas completamente.

SECCIÓN 9.^a OUTROS MODOS DE TERMINACIÓN DO PROCEDEMENTO

Artigo 74.

1. O recorrente poderá desistir do recurso en calquera momento anterior á sentenza.

2. Para que a desistencia do representante en xuízo produza efectos será necesario que o ratifique o recorrente ou que estea autorizado para iso. Se a Administración pública desistise, terase que presentar testemuño do acordo adoptado polo órgano competente consonte os requisitos esixidos polas leis ou regulamentos respectivos.

3. O xuíz ou o tribunal oirá as demais partes, e nos supostos de acción popular ó Ministerio Fiscal, por un prazo común de cinco días, e dictará un auto no que declarará rematado o procedemento, ordenando o arquivo dos autos e a devolución do expediente administrativo á oficina de procedencia.

4. O xuíz ou o tribunal non aceptará a desistencia se a Administración ou, se é o caso, o Ministerio Fiscal se opuxeren, e poderao rexeitar razoadamente cando apreciar dano para o interese público.

5. Se foren varios os recorrentes, o procedemento continuará respecto daqueles que non desistisen.

6. A desistencia non implicará necesariamente a condena en custas.

7. Cando se desistise do recurso porque a Administración demandada tivese recoñecidas totalmente en vía administrativa as pretensións do demandante, e despois a Administración dictase un novo acto total ou parcialmente revogatorio do recoñecemento, o demandante

poderá pedir que continúe o procedemento no estado en que se encontrase, estendéndose ó acto revogatorio. Se o xuíz ou o tribunal o estimar conveniente, concederalles ás partes un prazo común de dez días para que formulen por escrito alegacións complementarias sobre a revogación.

8. Desistido un recurso de apelación ou de casación, o tribunal sen máis trámites dictará un auto no que declarará terminado o procedemento, e no que ordenará o arquivo dos autos e a devolución das actuacións recibidas ó órgano xurisdiccional de procedencia.

Artigo 75.

1. Os demandados poderanse conformar coa demanda cumprindo os requisitos esixidos no punto 2 do artigo anterior.

2. Producida a conformidade coa demanda, o xuíz ou tribunal, sen máis trámites, dictará sentenza de conformidade coas pretensións do demandante, agás se iso supuxer unha infracción manifesta do ordenamento xurídico, caso en que o órgano xurisdiccional lles comunicará ás partes os motivos que se puideren opoñer á estimación das pretensións e oiraas por un prazo común de dez días, para dictar despois a sentenza que estime axustada a dereito.

3. De seren varios os demandados, o procedemento seguirá respecto daqueles que non se conformasen coa demanda.

Artigo 76.

1. Se interposto un recurso contencioso-administrativo a Administración demandada recoñecese totalmente en vía administrativa as pretensións do demandante, calquera das partes o poderá poñer en coñecemento do xuíz ou o tribunal, cando a Administración non o fixese.

2. O xuíz ou o tribunal oirá as partes por un prazo común de cinco días e, logo de comprobalo alegado, dictará un auto no que declarará terminado o procedemento e ordenará o arquivo do recurso e a devolución do expediente administrativo, se o recoñecemento non infrinxise manifestamente o ordenamento xurídico. Neste último caso dictará sentenza axustada a dereito.

Artigo 77.

1. Nos procedementos en primeira ou única instancia, o xuíz ou o tribunal, de oficio ou por solicitude de parte, unha vez formuladas a demanda e a contestación, poderá someter á consideración das partes o recoñecemento de feitos ou documentos, así como a posibilidade de acadar un acordo que poña fin á controversia, cando o xuízo se promova sobre materias susceptibles de transacción e, en particular, cando verse sobre estimación de cantidade.

Os representantes das administracións públicas demandadas necesitarán a autorización oportuna para levar a efecto a transacción, consonte as normas que regulan a disposición da acción por parte deles.

2. O intento de conciliación non suspenderá o curso das actuacións agás que tódalas partes comparecidas o solicitasen e poderase producir en calquera momento anterior ó día en que o preito fose declarado conclusivo para sentenza.

3. Se as partes chegasen a un acordo que implique a desaparición da controversia, o xuíz ou o tribunal dic-

tará auto no que declarará terminado o procedemento, sempre que o acordado non fose manifestamente contrario ó ordenamento xurídico nin lesivo do interese público ou de terceiros.

CAPÍTULO II

Procedemento abreviado

Artigo 78.

1. Os recursos que se deduzan nas materias de que coñezan os xulgados do contencioso-administrativo, cando a súa contía non supere as 500.000 pesetas ou se trate de cuestións de persoal que non se refiran ó nacemento ou extinción da relación de servizo dos funcionarios públicos de carreira, substanciaranse polo procedemento abreviado regulado neste artigo.

2. O recurso iniciarase por demanda, á que se lle xuntará o documento ou documentos en que o demandante funde o seu dereito e aqueles previstos no artigo 45.2.

3. Presentada a demanda, o xuíz, logo de exame da súa xurisdicción e da súa competencia obxectiva, dictará unha providencia na que ordenará, se é o caso, a admisión da demanda e o seu traslado ó demandado e citará as partes para a celebración de vista, con indicación de día e hora. Na mesma providencia ordenaralle á Administración demandada que remita o expediente administrativo, con polo menos quince días de antelación respecto do termo sinalado para a vista.

4. Recibido o expediente administrativo, o xuíz remitirállelo ó demandante e ós interesados que se constituísen en parte para que poidan facer alegacións no acto da vista.

5. Comparecidas as partes, ou algunha delas, o xuíz declarará aberta a vista.

Se as partes non compareceren, ou o fixer só o demandado, terase o demandante por desistido do recurso, e será condenado en custas, e, se comparecer só o demandante, proseguirase a vista en ausencia do demandado.

6. A vista comezará cunha exposición polo demandante dos fundamentos do que pida ou cunha ratificación dos expostos na demanda.

7. Acto seguido, o demandado poderá formular as alegacións que conveñan ó seu dereito, comezando, se é o caso, polas cuestións relativas á xurisdicción, á competencia obxectiva e territorial e a calquera outro feito ou circunstancia que poida obstaculizar a válida prosecución e termo do proceso mediante sentenza sobre o fondo.

8. Oído o demandante sobre estas cuestións, o xuíz resolverá o que proceda, e se mandase proseguir-lo xuízo, o demandado poderá pedir que conste en acta a súa desconformidade. O mesmo poderá face-lo demandante se o xuíz, ó resolver sobre algunha das ditas cuestións, declinase o coñecemento do asunto en favor doutro xulgado ou tribunal ou entendese que debe declara-la inadmisibilidade do recurso.

9. Se nas súas alegacións o demandado impugnase a adecuación do procedemento por razón da contía, o xuíz, antes de se practica-la proba ou, se é o caso, as conclusións, exhortará as partes a se poren de acordo sobre tal extremo. Se non se acadar o acordo, decidirá o xuíz, que lle dará ó proceso o curso procedemental que corresponda segundo a contía que el determine. Fronte á decisión do xuíz non se dará recurso ningún.

10. Se non se suscitasen as cuestións procesuais a que se refiren os números anteriores ou se, suscitadas, o xuíz resolvese a continuación do xuízo, daráselle-la palabra ás partes para fixaren con claridade os feitos en que fundamenten as súas pretensións. Se non houber conformidade sobre eles, proporanse as probas e, unha vez admitidas as que non sexan impertinentes ou inútiles, practicaranse seguidamente.

11. Cando das alegacións das partes se deduza a conformidade de tódolos demandados coas pretensións do actor, o carácter simplemente xurídico da controversia, a ausencia de proposición da proba ou a inadmisibilidade de toda a proba proposta, e as partes non desexasen formular conclusións, o xuíz apreciará tal circunstancia no acto e, se ningunha parte se opuxer, dictará sentenza sen máis dilación.

Formulada oposición, o xuíz resolverá estimándoa, e neste caso proseguirá a vista conforme o regrado nos puntos seguintes, ou desestimándoa na mesma sentenza que dicte conforme o previsto no parágrafo anterior, antes de resolver sobre o fondo, como especial pronunciamiento.

12. Os medios de proba practicaranse nos xuízos abreviados, en canto non sexa incompatible cos seus trámites, do modo previsto para o xuízo ordinario.

13. As posicións para a proba de confesión proporanse verbalmente, sen admisión de pregos.

14. No se admitirán escritos de preguntas e repreguntas para a proba testifical. Cando o número de testemuñas fose excesivo e, a criterio do órgano xudicial, as súas manifestacións puidesen constituír reiteración inútil do testemuño sobre feitos abondo esclarecidos, aquel poderaos limitar discrecionalmente.

15. As testemuñas non poderán ser tachadas e, unicamente en conclusións, as partes poderán face-las observacións que sexan oportunas respecto das súas circunstancias persoais e da veracidade das súas manifestacións.

16. Na práctica da proba pericial non serán de aplicación as regras xerais sobre insaculación de peritos.

17. Contra as resolucións do xuíz sobre denegación de probas ou sobre admisión das que se denunciase como obtidas con violación de dereitos fundamentais, as partes poderán interpoñer no acto recurso de súplica, que se substanciará e resolverá seguidamente.

18. Se o xuíz estimar que algunha proba relevante non se pode practicar na vista, sen mala fe por parte de quen tivese a carga de a achegar, suspenderaa, e sinalará no acto, e sen necesidade de nova notificación, o lugar, o día e a hora en que se deba continuar.

19. Trala práctica da proba, se a houber, e, se é o caso, das conclusións, oídos os letrados, as persoas que sexan parte nos asuntos poderán, coa venia do xuíz, expoñer de palabra o que crean oportuno para a súa defensa á conclusión da vista, antes de a dar por terminada.

20. O xuíz dictará sentenza no prazo de dez días desde a celebración da vista.

21. Durante a celebración do xuízo irase redactando a correspondente acta, na que se fará constar:

a) Lugar, data, xuíz que preside o acto, partes comparecentes, representantes, se é o caso, e defensores que as asisten.

b) Breve resumo das alegacións das partes, medios de proba propostos por elas, declaración expresa da súa pertinencia ou impertinencia, razóns da denegación e protesta, se é o caso.

c) En canto ás probas admitidas e practicadas:

1.º Resumo suficiente das de confesión e testifical.

2.º Relación circunstanciada dos documentos presentados, ou datos abondos que permitan identificalos, no caso de que o seu excesivo número faga desaconsellable a citada relación.

3.º Relación das incidencias xurdidas no xuízo verbo da proba documental.

4.º Resumo suficiente dos informes periciais, así como tamén da resolución do xuíz acerca das propostas de recusación dos peritos.

5.º Resumo das declaracións realizadas na vista.

d) Conclusións e peticións concretas formuladas polas partes; en caso de que fosen de condena a cantidade, esta deberase recoller na acta.

e) Declaración feita polo xuíz de conclusión dos autos, mandándoos traer á vista para sentenza.

22. O xuíz resolverá, sen recurso ulterior, calquera observación que se fixer sobre o contido da acta; seguidamente asinaráa en unión das partes ou dos seus representantes ou defensores e dos peritos, facendo constar se algún deles non asina por non poder, non o querer facer ou non estar presente; asinaráa, por último, o secretario, que dará fe.

A acta do xuízo poderá ser estendida tamén a través de medios mecánicos de reprodución. En tal caso, esixiránse os mesmos requisitos expresados no punto anterior.

Da acta do xuízo deberáselle entregar copia a quen fose parte no proceso, de o solicitar.

23. O procedemento abreviado, no non disposto neste capítulo, rexeráse polas normas xerais da presente lei.

CAPÍTULO III

Recursos contra providencias, autos e sentencias

SECCIÓN 1.ª RECURSOS CONTRA PROVIDENCIAS E AUTOS

Artigo 79.

1. Contra as providencias e os autos non susceptibles de apelación ou casación poderase interpoñer recurso de súplica, sen prexuízo do cal se levará a efecto a resolución impugnada, agás que o órgano xurisdiccional, de oficio ou por instancia de parte, acorde o contrario.

2. Non é admisible o recurso de súplica contra as resolucións expresamente exceptuadas del nesta lei, nin contra os autos que resolvan os recursos de súplica, os de aclaración e as solicitudes de revisión de dilixencias de ordenación.

3. O recurso de súplica interporase no prazo de cinco días contados desde o seguinte ó da notificación da resolución impugnada.

4. Interposto o recurso en tempo e forma, daráselles traslado das copias do escrito ás demais partes, durante o prazo común de tres días, co fin de o poderen impugnar se o coidan conveniente. Transcorrido o dito prazo, o órgano xurisdiccional resolverá por auto dentro do terceiro día.

5. A revisión das dilixencias de ordenación poderalle ser solicitada ó xuíz ou ó maxistrado relator no prazo sinalado no punto 3. Solicitada a revisión, seguirase o trámite previsto no número 4.

Artigo 80.

1. Son obxecto de apelación nun só efecto os autos dictados polos xulgados do contencioso-administrativo e os xulgados centrais do contencioso-administrativo, en procesos dos que coñezan en primeira instancia, nos seguintes casos:

a) Os que poñan termo á peza separada de medidas cautelares.

b) Os recaídos en execución de sentenza.

c) Os que declaren a inadmisión do recurso contencioso-administrativo ou fagan imposible a súa continuación.

d) Os recaídos sobre as autorizacións previstas no artigo 8.5.

e) Os recaídos en aplicación dos artigos 83 e 84.

2. Son obxecto de apelación en todo caso, en ámbolos efectos, os autos dos xulgados do contencioso-administrativo e os dos xulgados centrais do contencioso-administrativo, nos supostos ós que se refiren os artigos 110 e 111.

3. A tramitación dos recursos de apelación interpostos contra os autos dos xulgados do contencioso-administrativo e os xulgados centrais do contencioso-administrativo axustaranse ó establecido na sección 2.ª deste capítulo.

SECCIÓN 2.ª RECURSO ORDINARIO DE APELACIÓN

Artigo 81.

1. As sentencias dos xulgados do contencioso-administrativo e dos xulgados centrais do contencioso-administrativo serán susceptibles de recurso de apelación, agás que se dictasen nos asuntos seguintes:

a) Aqueles dunha contía que non exceda de tres millóns de pesetas.

b) Os relativos a materia electoral comprendidos no artigo 8.4.

2. Serán sempre susceptibles de apelación as seguintes sentencias:

a) As que declaren a inadmisibilidade do recurso no caso da letra a) do número anterior.

b) As dictadas no procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa.

c) As que resolvan litixios entre administracións públicas.

d) As que resolvan impugnacións indirectas de disposicións xerais.

Artigo 82.

O recurso de apelación poderao interpoñer quen, segundo esta lei, estea lexitimado como parte demandante ou demandada.

Artigo 83.

1. O recurso de apelación contra as sentencias é admisible en ámbolos efectos, agás nos casos en que a presente lei dispoña outra cosa.

2. Malia o disposto no número anterior, o xuíz, en calquera momento, por instancia da parte interesada, poderá adoptar as medidas cautelares que sexan pertinentes para asegurar, se é o caso, a execución da sentenza atendendo os criterios establecidos no capítulo II do título VI.

Artigo 84.

1. A interposición dun recurso de apelación non impedirá a execución provisional da sentenza contra a que se recorre.

As partes favorecidas pola sentenza poderán instar a súa execución provisional. Cando desta se puidesen derivar prexuízos de calquera natureza, poderanse acordar as medidas que sexan adecuadas para evitar ou paliar os ditos prexuízos. Igualmente, poderase esixir a prestación de caución ou garantía para responder daqueles. Neste caso non se poderá levar a cabo a execución provisional ata que a caución ou a medida acordada estea constituída e acreditada en autos.

2. A constitución da caución axustarase ó establecido no artigo 133.2.

3. Non se acordará a execución provisional cando esta sexa susceptible de producir situacións irreversibles ou prexuízos de imposible reparación.

4. Logo de audiencia das demais partes por un prazo común de tres días, o xuíz resolverá sobre a execución provisional no prazo dos cinco días seguintes.

5. Cando quen inste a execución provisional sexa unha Administración pública, quedará exenta da prestación de caución.

Artigo 85.

1. O recurso de apelación interporase perante o xulgado que dictase a sentenza contra a que se apele, dentro dos quince días seguintes ó da súa notificación, mediante escrito razoado que deberá conter as alegacións en que se fundamente o recurso. Transcorrido o prazo de quince días sen se ter interposto o recurso de apelación, a sentenza quedará firme.

2. Se o escrito presentado cumpre os requisitos previstos no número anterior e se refire a unha sentenza susceptible de apelación, o xulgado dictará resolución na que se admitirá o recurso, contra a que non caberá ningún recurso, e daralles traslado del ás demais partes para que, no prazo común de quince días, poidan formalizala súa oposición. Noutro caso, denegará a admisión por medio de auto, contra o que se poderá interpoñer recurso de queixa, que se substanciará na forma establecida na Lei de axuízamento civil.

3. Nos escritos de interposición do recurso e de oposición a el as partes poderán pedir o recibimento a proba para a práctica das que fosen denegadas ou non fosen debidamente practicadas en primeira instancia por causas que non lles sexan imputables. Nos ditos escritos, os funcionarios públicos, nos procesos a que se refire o artigo 23.3, designarán un domicilio para notificacións na sede da sala do contencioso-administrativo competente.

4. No escrito de oposición, a parte apelada, se entendese admitida indebidamente a apelación, deberao facer constar; neste caso daráselle vista, por tres días, á apelante desta alegación. O apelado tamén poderá, no mesmo escrito, adherirse á apelación, razoando os puntos en que crea que lle é prexudicial a sentenza, caso en que se lle dará traslado ó apelante do escrito de oposición por un prazo de dez días, para o só efecto de que se poida opoñer á adhesión.

5. Transcorridos os prazos a que se refiren os puntos 2 e 4 anteriores, o xulgado elevaralle os autos e o expediente administrativo, en unión dos escritos presentados, á sala do contencioso-administrativo competente, que resolverá, se é o caso, o que proceda sobre a discutida admisión do recurso ou sobre o recibimento a proba.

6. Cando a sala estime procedente a proba solicitada, a súa práctica terá lugar con citación das partes.

7. As partes, nos escritos de interposición e de oposición ó recurso, poderán solicitar que se celebre vista, que se presenten conclusións ou que o preito sexa declarado concluído, sen máis trámites, para sentenza.

8. A sala acordará a celebración de vista ou a presentación de conclusións se o solicitaron tódalas partes ou se se practicou proba, así como cando o estimar necesario, atendida a índole do asunto. Seralles de aplicación a estes trámites o disposto nos artigos 63 a 65.

Celebrada a vista ou presentadas as conclusións, a sala declarará que o preito quedou concluído para sentenza.

9. A sala dictará sentenza no prazo de dez días desde a declaración de que o preito está concluído para sentenza.

10. Cando a sala revogue en apelación a sentenza impugnada que declarase a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo, resolverá ó mesmo tempo sobre o fondo do asunto.

SECCIÓN 3.^a RECURSO DE CASACIÓN

Artigo 86.

1. As sentencias dictadas en única instancia pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional e polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza serán susceptibles de recurso de casación perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo.

2. Exceptúanse do establecido no número anterior:

a) As sentencias que se refiran a cuestións de persoal ó servizo das administracións públicas, agás que afecten o nacemento ou a extinción da relación de servizo de funcionarios de carreira.

b) As recaídas, calquera que for a materia, en asuntos dunha contía que non exceda de 25 millóns de pesetas, excepto cando se trate do procedemento especial para a defensa dos dereitos fundamentais, caso en que procederá o recurso calquera que sexa a contía do asunto litixioso.

c) As dictadas no procedemento para a protección do dereito fundamental de reunión a que se refire o artigo 122.

d) As dictadas en materia electoral.

3. Caberá en todo caso recurso de casación contra as sentencias da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza que declaren nula ou conforme a dereito unha disposición de carácter xeral.

4. Contra as sentencias que, sendo susceptibles de casación por aplicación dos números precedentes, fosen dictadas polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza só se poderá recorrer en casación se o recurso se pretende fundar en infracción de normas de dereito estatal ou comunitario europeo que sexa relevante e determinante da sentenza obxecto de recurso, sempre que fosen invocadas oportunamente no proceso ou consideradas pola sala sentenciadora.

5. As resolucións do Tribunal de Contas en materia de responsabilidade contable serán susceptibles de recurso de casación nos casos establecidos na súa Lei de funcionamento.

Artigo 87.

1. Tamén son susceptibles de recurso de casación, nos mesmos supostos previstos no artigo anterior, os autos seguintes:

- a) Os que declaren a inadmisión do recurso contencioso-administrativo ou fagan imposible a súa continuación.
- b) Os que poñan termo á peza separada de suspensión ou doutras medidas cautelares.
- c) Os recaídos en execución de sentenza, sempre que resolvan cuestións non decididas, directa ou indirectamente, naquela ou que contradigan os termos da decisión da sentenza que se executa.
- d) Os dictados no caso previsto no artigo 91.

2. Serán susceptibles de recurso de casación, en todo caso, os autos dictados en aplicación dos artigos 110 e 111.

3. Para que se poida prepara-lo recurso de casación nos casos previstos no número anterior é requisito necesario interpoñer previamente o recurso de súplica.

Artigo 88.

1. O recurso de casación terá que se fundar nalgún ou algúns dos seguintes motivos:

- a) Abuso, exceso ou defecto no exercicio da xurisdicción.
- b) Incompetencia ou inadecuación do procedemento.
- c) Quebrantamento das formas esenciais do xuízo por infracción das normas reguladoras da sentenza ou das que rexen os actos e garantías procesuais, sempre que, neste último caso, se producise indefensión para a parte.
- d) Infracción das normas do ordenamento xurídico ou da xurisprudencia que fosen aplicables para resolver as cuestións obxecto de debate.

2. A infracción das normas relativas ós actos e garantías procesuais que produza indefensión só se poderá alegar cando se pedise a emenda da falta ou transgresión na instancia, de existir momento procesual oportuno para iso.

3. Cando o recurso se funde no motivo previsto na letra d) do número 1 deste artigo, o Tribunal Supremo poderá integrar nos feitos admitidos como probados polo tribunal de instancia aqueles que, sendo omitidos por este, estean suficientemente xustificadas segundo as actuacións e a toma en consideración dos cales resulte necesaria para apreciar a infracción alegada das normas do ordenamento xurídico ou da xurisprudencia, mesmo a desviación de poder.

Artigo 89.

1. O recurso de casación preparase perante a sala que dictase a resolución obxecto de recurso no prazo de dez días, contados desde o seguinte ó da notificación daquela, mediante escrito no que deberá manifestarse a intención de interpoñer-lo recurso, con exposición sucinta da concorrencia dos requisitos de forma esixidos.

2. No suposto previsto no artigo 86.4, terase que xustificar que a infracción dunha norma estatal ou comunitaria europea foi relevante e determinante do dictame da parte dispositiva.

3. O recurso de casación poderá ser interposto polos que fosen parte no procedemento a que se contraía a sentenza ou resolución recorrida.

4. Transcorrido o prazo de dez días sen ter preparado o recurso de casación, a sentenza ou resolución quedará firme.

Artigo 90.

1. Se o escrito de preparación cumpre os requisitos previstos no artigo anterior, e se refire a unha resolución susceptible de casación, terase por preparado o recurso e ordenarase o emprazamento das partes para a súa comparecencia e interposición do recurso dentro do prazo de trinta días perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo. Practicados os emprazamentos, remitiranse os autos orixinais e o expediente administrativo dentro dos cinco días seguintes.

2. Noutro caso, dictarase un auto motivado no que se denegará o emprazamento das partes e a remisión das actuacións ó Tribunal Supremo. Contra este auto unicamente se poderá interpoñer recurso de queixa, que se substanciará na forma establecida pola Lei de axuízamento civil.

3. Contra a providencia na que se teña por preparado o recurso de casación, a parte contra a que se recorreu non poderá interpoñer ningún recurso, pero poderase opoñer á súa admisión no momento de comparecer ante o Tribunal Supremo, se o fai dentro do termo do emprazamento.

Artigo 91.

1. A preparación do recurso de casación non impedirá a execución provisional da sentenza obxecto de recurso.

As partes favorecidas pola sentenza poderán instar a súa execución provisional. Cando desta se puidesen derivar prexuízos de calquera natureza, poderanse acordar as medidas que sexan adecuadas para evitar ou paliar os citados prexuízos. Igualmente, poderase esixir a presentación de caución ou garantía para responder daqueles. Non se poderá levar a efecto a execución provisional ata que a caución ou a medida acordada estea constituída e acreditada en autos.

2. A constitución da caución axustarase ó establecido no artigo 133.2.

3. A execución provisional denegarase cando poida crear situacións irreversibles ou causar prexuízos de difícil reparación.

4. A Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional ou do Tribunal Superior de Xustiza, cando teña por preparado un recurso de casación, deixará testemuño bastante dos autos e da resolución obxecto de recurso para os efectos previstos neste artigo.

Artigo 92.

1. Dentro do prazo do emprazamento, o recorrente terá que se constituír en parte e formular perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo o escrito de interposición do recurso, no que se expresará razoadamente o motivo ou motivos en que se ampare, citando as normas ou a xurisprudencia que considere infrinxidas.

2. Transcorrido o devandito prazo sen presenta-lo escrito de interposición, o recurso declararase deserto,

e ordenarase a devolución das actuacións recibidas á sala da que procederen.

3. Se o recorrente for o defensor da Administración ou o Ministerio Fiscal, en canto se reciban os autos dicitarse dilixencia de ordenación e daráselles traslado deles por un prazo de trinta días para que manifesten se sosteñen ou non o recurso e, en caso afirmativo, formulen o escrito de interposición axustado ó que prevén o número 1 deste artigo.

4. Se o recurso non se sostivese ou non se formulase o escrito de interposición no prazo antes sinalado, declararase deserto.

Artigo 93.

1. Interposto o recurso de casación, pasaranse as actuacións ó maxistrado relator para que se instrúa e someta á deliberación da sala o que teña que se resolver sobre a admisión ou inadmisión do recurso interposto.

2. A sala dictará auto de inadmisión nos seguintes casos:

a) Se, malia terse por preparado o recurso, se apreciar neste trámite que non se observaron os requisitos esixidos ou que a resolución impugnada non é susceptible de recurso de casación. Para estes efectos, a sala poderá rectificar fundamentalmente a contía inicialmente fixada, de oficio ou por instancia da parte contra a que se recorre, se esta o solicita dentro do prazo do emprazamento.

b) Se o motivo ou motivos invocados no escrito de interposición do recurso non se encontran comprendidos entre os que se relacionan no artigo 88; se non se citan as normas ou a xurisprudencia que se reputan infrinxidas; se as citas feitas non gardan ningunha relación coas cuestións debatidas; ou se, sendo necesario pedi-la reparación da falta, non hai constancia de que se fixese.

c) Se se desestimasen no fondo outros recursos substancialmente iguais.

d) Se o recurso carece manifestamente de fundamento.

e) Nos asuntos de contía indeterminada que non se refiran á impugnación directa ou indirecta dunha disposición xeral, se o recurso estivese fundado no motivo do artigo 88.1. d) e se apreciase que o asunto carece de interese casacional por non afectar un gran número de situacións ou non posuí-lo suficiente contido de xeneralidade.

3. A sala, antes de resolver, porá de manifesto sucintamente a posible causa de inadmisión do recurso ás partes constituídas por un prazo de dez días para que formulen as alegacións que coiden procedentes.

4. Se a sala considera que concorre algunha das causas de inadmisión, dictará un auto motivado no que declare a inadmisión do recurso e a firmeza da resolución obxecto de recurso. Se a inadmisión non fose de tódolos motivos aducidos, dictará tamén auto motivado, e a tramitación do recurso continuará respecto dos motivos non afectados polo auto de inadmisión parcial. Para declara-la inadmisión do recurso por calquera das causas previstas nas letras c), d) e e) do número 2, será necesario que o auto se dicte por unanimidade.

5. A inadmisión do recurso, cando sexa total, comportará a imposición das custas ó recorrente, agás se o é exclusivamente pola causa prevista na letra e) do número 2.

6. Contra os autos a que se refire este artigo non se dará ningún recurso.

Artigo 94.

1. De se admiti-lo recurso por todos ou algún dos seus motivos, entregarase copia del á parte ou partes contra as que se recorreu e constituídas para que formalicen por escrito a súa oposición no prazo común de trinta días. Durante o citado prazo estarán de manifesto as actuacións na secretaría.

No escrito de oposición poderanse alegar causas de inadmisibilidade do recurso, sempre que non fosen rexeitadas polo tribunal no trámite establecido no artigo 93.

2. Transcorrido o prazo, presentáranse ou non escritos de oposición, a sala sinalará día e hora para celebración da vista ou declarará que o preito está concluído para sentenza.

3. Procederá á celebración de vista cando o pidan tódalas partes ou a sala o estime necesario, atendida a índole do asunto. A solicitude de vista formularase por outrosí nos escritos de interposición do recurso e de oposición a este.

4. A sala dictará sentenza no prazo de dez días desde a celebración da vista ou a declaración de que o preito está concluído para sentenza.

Artigo 95.

1. A sentenza que resolva o recurso de casación poderá declara-la súa inadmisibilidade se concorre algún dos motivos previstos no artigo 93.2.

2. Se fose estimado o recurso por todos ou por algún dos motivos aducidos, a sala, nunha soa sentenza, casando a que foi obxecto de recurso, resolverá conforme a dereito, tendo en conta o seguinte:

a) De se estimar polo motivo do artigo 88.1.a), anularase a sentenza ou resolución recorrida, indicándose a concreta orde xurisdiccional que se estima competente, ou resolverase o asunto, segundo corresponda. No primeiro caso, será aplicable o disposto no artigo 5.3.

b) De se estimar polo motivo do artigo 88.1.b), remitaranse as actuacións ó órgano xurisdiccional competente para que resolva, ou reporanse ó estado e momento esixidos polo procedemento adecuado para a substanciación delas, agás que, pola aplicación das súas normas específicas, o devandito procedemento adecuado non se poida seguir.

c) De se estima-la existencia das infraccións procesuais mencionadas no motivo do artigo 88.1.c), mandarase repoñe-las actuacións ó estado e momento en que se incorrese na falta, agás se a infracción consistise na vulneración das normas reguladoras da sentenza, caso no que haberá que se ater ó disposto na seguinte letra d).

d) Nos demais casos, a sala resolverá o que corresponda dentro dos termos en que aparecese formulado o debate.

3. Na sentenza que declare que hai lugar ó recurso, a sala resolverá en canto ás custas da instancia conforme o establecido no artigo 139.

SECCIÓN 4.^a RECURSOS DE CASACIÓN PARA A UNIFICACIÓN DE DOCTRINA

Artigo 96.

1. Poderase interpor recurso de casación para a unificación de doutrina contra as sentencias dicitadas en

única instancia polas salas do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo, Audiencia Nacional e tribunais superiores de xustiza cando, respecto ós mesmos litigantes ou outros diferentes en idéntica situación e, con base en feitos, fundamentos e pretensións substancialmente iguais, se chegase a pronunciamentos distintos.

2. Tamén se pode recorrer por este mesmo concepto contra as sentencias da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza dictadas en única instancia cando a contradicción se produza con sentencias do Tribunal Supremo nas mesmas circunstancias sinaladas no número anterior.

3. Só serán susceptibles de recurso de casación para a unificación de doutrina aquelas sentencias contra as que non se poida recorrer en casación consonte o establecido na letra b) do artigo 86.2, sempre que a contía litixiosa sexa superior a tres millóns de pesetas.

4. En ningún caso se poderá recorrer contra as sentencias a que se refire o artigo 86.2.a), c) e d), nin contra as que quedan excluídas do recurso de casación no artigo 86.4.

5. Do recurso de casación para a unificación de doutrina previsto neste artigo coñecerá, dentro da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, a sección que corresponda de acordo coas regras xerais de organización da mesma sala.

6. Malia iso, cando se trate de sentencias dictadas en única instancia polo Tribunal Supremo, do recurso coñecerá unha sección composta polo presidente do Tribunal Supremo, polo da Sala do Contencioso-Administrativo e por cinco maxistrados desta mesma sala, que serán os dous máis antigos e os tres máis modernos.

7. Deste recurso coñecerá a sección a que se refire o punto anterior cando a sentenza do Tribunal Supremo que se cite como infrinxida proveña, e así o faga consta-lo recorrente no escrito de preparación, dunha sección distinta daquela á que corresponda coñecer de acordo co disposto no número 5 deste artigo.

Artigo 97.

1. O recurso de casación para a unificación de doutrina interporase directamente perante a sala sentenciadora no prazo de trinta días, contados desde o seguinte ó da notificación da sentenza, mediante escrito razoado que deberá conter unha relación precisa e circunstanciada das identidades determinantes da contradicción alegada e a infracción legal que se lle imputa á sentenza recorrida.

2. A este escrito xuntaráselle certificación da sentenza ou sentencias alegadas con mención da súa firmeza ou, no seu defecto, copia simple do seu texto e xustificación documental de que se solicitou aquela; neste caso a sala a reclamará de oficio. Se a sentenza foi publicada conforme o disposto no artigo 72.2, abonará con indica-lo periódico oficial no que apareza publicada.

3. Se o escrito de interposición cumpre os requisitos previstos nos números anteriores e se refire a unha sentenza susceptible de casación para a unificación de doutrina, a sala sentenciadora admitirá o recurso e na mesma dilixencia de ordenación daralle traslado del, con entrega de copia, á parte ou partes contra as que se recorreu para que formalicen por escrito a súa oposición no prazo de trinta días, quedando entremetres de manifesto as actuacións en secretaría. O traslado do recurso á parte ou partes recorridas esixirá, se é o caso, que previamente se trouxese ós autos a certificación reclamada.

4. Noutro caso, dictará auto motivado no que se declare a inadmisión do recurso, pero antes de resolver porá de manifesto sucintamente a posible causa de inadmisión ás partes, no prazo común de cinco días, para que formulen as alegacións que estimen procedentes. Contra o auto de inadmisión poderase interpoñer recurso de queixa, que se substanciará consonte o establecido na Lei de axuízamento civil.

5. Nos escritos de interposición do recurso e de oposición a el as partes poderán pedi-la celebración de vista.

6. Presentado o escrito ou escritos de oposición ó recurso, ou transcorrido o prazo para iso, a sala sentenciadora elevará os autos e o expediente administrativo á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, poñéndoo en coñecemento das partes.

7. A substanciación e resolución do recurso de casación para a unificación de doutrina, en todo o non previsto nos artigos anteriores, acomodarse ó establecido na sección anterior en canto resulte aplicable.

Artigo 98.

1. Os pronunciamentos do Tribunal Supremo ó resolver-los recursos de casación para a unificación de doutrina en ningún caso afectarán as situacións xurídicas creadas polas sentencias precedentes á impugnada.

2. Se a sentenza declara que hai lugar ó recurso, casará a impugnada e resolverá o debate suscitado con pronunciamentos axustados a dereito, modificando as declaracións efectuadas e as situacións creadas pola sentenza obxecto de recurso.

Artigo 99.

1. Son susceptibles de recurso de casación para a unificación de doutrina as sentencias das salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza, se existen varias destas salas ou a sala ou salas teñen varias seccións, cando, respecto dos mesmos litigantes ou outros diferentes en idéntica situación e, con base en feitos, fundamentos e pretensións substancialmente iguais, se chegase a pronunciamentos distintos. Este recurso só se poderá fundar en infracción de normas emanadas da Comunidade Autónoma.

2. Este recurso unicamente procederá contra sentencias que non sexan susceptibles de recurso de casación ou de recurso de casación para a unificación de doutrina por aplicación exclusiva do previsto no artigo 86.4 e cando a contía litixiosa supere os tres millóns de pesetas.

3. Do recurso de casación para a unificación de doutrina coñecerá unha sección da Sala do Contencioso-Administrativo que teña a súa sede no Tribunal Superior de Xustiza composta polo presidente da citada sala, que a presidirá, polo presidente ou presidentes das demais salas do contencioso-administrativo e, se é o caso, das súas seccións, en número non superior a dous, e polos maxistrados da referida sala ou salas que fosen necesarios para completar un total de cinco membros.

Se a sala ou salas do contencioso-administrativo tiveren máis dunha sección, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza establecerá para cada ano xudicial a quenda consonte a cal os presidentes de sección ocuparán os postos da regulada neste número. Tamén a

establecerá entre tódolos maxistrados que presten servizo na sala ou salas.

4. No referente a prazos, procedemento para a substanciación deste recurso e efectos da sentenza rexerá o establecido nos artigos 97 e 98 coas adaptacións necesarias.

SECCIÓN 5.^a RECURSOS DE CASACIÓN EN INTERESE DA LEI

Artigo 100.

1. As sentencias dictadas en única instancia polos xuíces do contencioso-administrativo e as pronunciadas polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza e da Audiencia Nacional, que non sexan susceptibles dos recursos de casación a que se refiren as dúas seccións anteriores, poderán ser impugnadas pola Administración pública territorial que teña interese lexítimo no asunto e polas entidades ou corporacións que ostenten a representación e defensa de intereses de carácter xeral ou corporativo e tivesen interese lexítimo no asunto, polo Ministerio Fiscal e pola Administración xeral do Estado, en interese da lei, mediante un recurso de casación, cando estimen gravemente danosa para o interese xeral e errónea a resolución dictada.

2. Unicamente se poderá axuizar a través deste recurso a correcta interpretación e aplicación de normas emanadas do Estado que fosen determinantes da decisión recorrida.

3. O recurso interporase no prazo de tres meses, directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, mediante escrito razoado no que se fixará a doutrina legal que se postule, achegando unha copia certificada da sentenza impugnada na que deberá constar a data da súa notificación. Se non se cumpren estes requisitos ou o recurso fose extemporáneo, ordenarase de plano o seu arquivo.

4. Interposto o recurso en tempo e forma, o Tribunal Supremo reclamará os autos orixinais ó órgano xurisdiccional sentenciador e mandará emprazar a cantos foron parte neles, para que no prazo de quince días comparezan no recurso.

5. Do escrito de interposición do recurso daráselles traslado, con entrega de copia, ás partes constituídas para que no prazo de trinta días formulen as alegacións que estimen procedentes, poñéndolles entrementes de manifesto as actuacións en secretaría. Este traslado entenderase sempre co defensor da Administración cando non for recorrente.

6. Transcorrido o prazo de alegacións, presentásen-se ou non escritos, e logo de audiencia do Ministerio Fiscal por un prazo de dez días, o Tribunal Supremo dictará sentenza. Á tramitación e resolución destes recursos daráselles carácter preferente.

7. A sentenza que se dicte respectará, en todo caso, a situación xurídica particular derivada da sentenza obxecto de recurso e, cando for estimatoria, fixará na parte dispositiva a doutrina legal. Neste caso, publicarase no Boletín Oficial del Estado, e a partir da súa inserción nel vinculará a tódolos xuíces e tribunais inferiores en grao desta orde xurisdiccional.

Artigo 101.

1. As sentencias dictadas en única instancia polos xuíces do contencioso-administrativo contra as que non se pode interpoñer o recurso previsto no artigo anterior

poderán ser impugnadas pola Administración pública territorial que teña interese lexítimo no asunto e polas entidades ou corporacións que teñan a representación e defensa de intereses de carácter xeral ou corporativo e tivesen interese lexítimo no asunto, polo Ministerio Fiscal e pola Administración da Comunidades Autónoma, en interese da lei, mediante un recurso de casación, cando estimen gravemente danosa para o interese xeral e errónea a resolución dictada.

2. Unicamente se poderá axuizar a través deste recurso a correcta interpretación e aplicación de normas emanadas da Comunidade Autónoma que fosen determinantes da sentenza obxecto de recurso.

3. Deste recurso de casación en interese da lei coñecerá a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza e, cando conte con máis dunha, a sección da sala que teña a súa sede no dito tribunal a que se refire o artigo 99.3.

4. No tocante a prazos, procedemento para a substanciación deste recurso e efectos da sentenza rexerá o establecido no artigo anterior coas adaptacións necesarias. A publicación da sentenza, se é o caso, terá lugar no boletín oficial da Comunidade Autónoma e a partir da súa inserción nel vinculará a tódolos xuíces do contencioso-administrativo con sede no territorio a que estende a súa xurisdicción o Tribunal Superior de Xustiza.

SECCIÓN 6.^a RECURSO DE REVISIÓN

Artigo 102.

1. Procederá a revisión dunha sentenza firme:

a) Se despois de pronunciada se recobraren documentos decisivos, non achegados por causa de forza maior ou por obra da parte en favor da cal se dictase.

b) Se recaese en virtude de documentos que, no momento de se dictar aquela, unha das partes ignoraba que se recoñecesen e se declarasen falsos ou a falsidade dos cales se recoñecese ou declarase despois.

c) Se dictadas en virtude de proba testifical, as testemuñas fosen condenadas por falso testemuño dado nas declaracións que serviron de fundamento á sentenza.

d) Se se dictase sentenza en virtude de suborno, prevaricación, violencia ou outra maquinación fraudulenta.

2. No tocante a prazos, procedemento e efectos das sentencias dictadas neste recurso, rexerán as disposicións da Lei de axuizamento civil. Emporiso, só haberá lugar á celebración de vista cando o pidan tódalas partes ou a sala o estime necesario.

3. O recurso de revisión en materia de responsabilidade contable procederá nos casos establecidos na Lei de funcionamento do Tribunal de Contas.

CAPÍTULO IV

Execución de sentencias

Artigo 103.

1. A potestade de facer executa-las sentencias e demais resolucións xudiciais correspóndelles exclusivamente ós xulgados e tribunais desta orde xurisdiccional, e o seu exercicio compéttelle ó que coñecese do asunto en primeira ou única instancia.

2. As partes están obrigadas a cumpril-as sentencias na forma e termos que nestas se consignent.

3. Tódalas persoas e entidades públicas e privadas están obrigadas a presta-la colaboración requirida polos xuíces e tribunais do contencioso-administrativo para a debida e completa execución do resolto.

4. Serán nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentencias, que se dicten coa finalidade de eludilo seu cumprimento.

5. O órgano xurisdiccional ó que lle corresponda a execución da sentenza declarará, por instancia de parte, a nulidade dos actos e disposicións a que se refire o número anterior, polos trámites previstos nos números 2 e 3 do artigo 109, agás que carecese de competencia para iso conforme o disposto nesta lei.

Artigo 104.

1. Despois de que sexa firme unha sentenza, comunicáraselle no prazo de dez días ó órgano que realízase a actividade obxecto do recurso, co fin de que, unha vez acusado recibo da comunicación en idéntico prazo desde a recepción, a leve a puro e debido efecto e practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas na parte dispositiva e no mesmo prazo indique o órgano responsable do cumprimento daquel.

2. Transcorridos dous meses a partir da comunicación da sentenza ou o prazo fixado nesta para o cumprimento da decisión conforme o artigo 71.1.c), calquera das partes e persoas afectadas poderá insta-la súa execución forzosa.

3. Atendendo á natureza do reclamado e á efectividade da sentenza, ésta poderá fixar un prazo inferior para o cumprimento, cando o disposto no número anterior o faga ineficaz ou cause un grave prexuízo.

Artigo 105.

1. Non se poderá suspende-lo cumprimento ni declararse a inexecución total ou parcial da sentenza.

2. Se concorresen causas de imposibilidade material ou legal de executar unha sentenza, o órgano obrigado ó seu cumprimento manifestarallo á autoridade xudicial a través do representante procesual da Administración, dentro do prazo previsto no punto segundo do artigo anterior, co fin de que, con audiencia das partes e de quen considere interesado, o xuíz ou o tribunal aprecie a concorrencia ou non das ditas causas e adopte as medidas necesarias que aseguren a maior efectividade da executoria, fixando, se é o caso, a indemnización que proceda pola parte en que non poida ser obxecto de cumprimento pleno.

3. Son causas de utilidade pública ou de interese social para expropia-los dereitos ou intereses lexítimos recoñecidos fronte á Administración nunha sentenza firme o perigo certo de alteración grave do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns, o temor fundado de guerra ou o quebranto da integridade do territorio nacional. A declaración da concorrencia dalgunha das causas citadas faraa o Goberno da Nación; poderá tamén efectuala o Consello de Goberno da Comunidades Autónoma cando se trate de perigo certo de alteración grave do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns e o acto, actividade ou disposición impugnados proviñese dos órganos da Administración da citada comunidade ou das entidades locais do seu territorio, así como das entidades de dereito público e corporacións dependentes dunha e outras.

A declaración de concorrencia dalgunha das causas mencionadas no parágrafo anterior terá que se efectuar

dentro dos dous meses seguintes á comunicación da sentenza. O xuíz ou o tribunal a quen competa a execución sinalará, polo trámite dos incidentes, a correspondente indemnización e, se a causa alegada fose a de perigo certo de alteración grave do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns, apreciará, ademais, a concorrencia do devandito motivo.

Artigo 106.

1. Cando a Administración fose condenada ó pagamento dunha cantidade líquida, o órgano encargado do seu cumprimento acordará o pagamento con cargo ó crédito correspondente do seu orzamento que terá sempre a consideración de ampliable. Se para o pagamento for necesario realizar unha modificación orzamentaria, deberase concluí-lo procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes ó día de notificación da resolución xudicial.

2. Á cantidade a que se refire o punto anterior engadiráselle o xuro legal do diñero, calculado desde a data de notificación da sentenza dictada en única ou primeira instancia.

3. Malia o disposto no artigo 104.2, transcorridos tres meses desde que a sentenza firme lle sexa comunicada ó órgano que a deba cumprir, poderase insta-la execución forzosa. Neste suposto, a autoridade xudicial, oído o órgano encargado de a facer efectiva, poderá incrementar en dous puntos o xuro legal que se devengará, sempre que apreciase falta de dilixencia no cumprimento.

4. Se a Administración condenada ó pagamento dunha cantidade estimase que o cumprimento da sentenza lle habería de producir un transtorno grave á súa facenda, porao en coñecemento do xuíz ou o tribunal acompañado dunha proposta razoada para que, oídas as partes, se resolva sobre o modo de executa-la sentenza na forma que sexa menos gravosa para aquela.

5. O disposto nos números anteriores será de aplicación así mesmo ós supostos en que se leve a efecto a execución provisional das sentencias conforme esta lei.

6. Calquera das partes poderá solicitar que a cantidade que haxa que aboar se compense con créditos que a Administración ostente contra o recorrente.

Artigo 107.

1. Se a sentenza firme anulase total ou parcialmente o acto impugnado, o xuíz ou o tribunal disporá, por instancia de parte, a inscrición da parte dispositiva nos rexistros públicos a que tiver acceso o acto anulado, así como a súa publicación nos periódicos oficiais ou privados, de concorrer causa bastante para iso, a custa da parte executada. Cando a publicación sexa en periódicos privados deberase acreditar ante o órgano xurisdiccional un interese público que o xustifique.

2. Se a sentenza anulase total ou parcialmente unha disposición xeral ou un acto administrativo que afecte unha pluralidade indeterminada de persoas, o órgano xudicial ordenará a súa publicación en diario oficial no prazo de dez días contados desde a firmeza da sentenza.

Artigo 108.

1. Se a sentenza condenase a Administración a realizar unha determinada actividade ou a dictar un acto, o xuíz ou tribunal poderá, en caso de incumprimento:

a) Executa-la sentenza a través dos seus propios medios ou requirindo a colaboración das autoridades e axentes da Administración condenada ou, no seu defecto, doutras administracións públicas, con observancia dos procedementos establecidos para o efecto.

b) Adopta-las medidas necesarias para que a decisión xudicial adquira a eficacia que, se é o caso, sería inherente ó acto omitido, entre as que se inclúe a execución subsidiaria con cargo á Administración condenada.

2. Se a Administración realizar algunha actividade que contraviñese os pronunciamentos da resolución, o xuíz ou o tribunal, por instancia dos interesados, procederá a repoñe-la situación ó estado esixido pola decisión xudicial e determinará os danos e perdas que ocasionar o incumprimento.

Artigo 109.

1. A Administración pública, as demais partes procesuais e as persoas afectadas pola decisión xudicial, mentres non conste en autos a total execución da sentenza, poderán promover incidente para decidir, sen contraria-lo contido da decisión, cantas cuestións se formulen na execución e especialmente as seguintes:

a) Órgano administrativo que se ten que responsabilizar de realiza-las actuacións.

b) Prazo máximo para o seu cumprimento, en atención ás circunstancias que concorran.

c) Medios con que se levará a efecto e procedemento que se seguirá.

2. Do escrito polo que se suscite a cuestión incidental daráselles traslado ás partes para que, en prazo común que non excedese de vinte días, aleguen o que estimen procedente.

3. Formalizado o traslado ou transcorrido o prazo a que se refire o punto anterior, o xuíz ou o tribunal dictará auto, no prazo de dez días, no que decidirá a cuestión suscitada.

Artigo 110.

1. En materia tributaria e de persoal ó servizo da Administración pública, os efectos dunha sentenza firme que recoñecese unha situación xurídica individualizada en favor dunha ou varias persoas poderanse estenderse a outras, en execución da sentenza, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que os interesados se encontren en idéntica situación xurídica cós favorecidos pola sentenza.

b) Que o xuíz ou tribunal sentenciador fose tamén competente, por razón do territorio, para coñecer das súas pretensións de recoñecemento da dita situación individualizada.

c) Que soliciten a extensión dos efectos da sentenza no prazo dun ano desde a última notificación desta ós que foron parte no proceso. Se se interpuxese recurso en interese da Lei ou de revisión, este prazo contarase desde a última notificación da resolución que lle poña fin a este.

2. A solicitude deberase dirixir á Administración demandada. Se transcorrerem tres meses sen que se notifique ningunha resolución ou cando a Administración denegar a solicitude de modo expreso, poderase acudir sen máis trámites ó xuíz ou tribunal da execución no prazo de dous meses, contados desde o transcurso do

prazo antes indicado ou desde o día seguinte ó da notificación da resolución denegatoria.

3. A petición ó órgano xurisdiccional formularase en escrito razoado ó que se lle deberá xunta-lo documento ou documentos que acrediten a identidade de situacións, substanciándose polos trámites establecidos para os incidentes, pero sen que proceda a celebración de vista.

4. Antes de resolver, o xuíz ou tribunal da execución solicitaralle á Administración as actuacións referentes ó incidente formulado e, se se recibisen nos vinte días seguintes, ordenará que se lles poñan de manifesto ás partes por un prazo común de tres días. Noutro caso, resolverá sen máis por medio de auto, no que non se poderá recoñecer unha situación xurídica distinta á definida na sentenza firme de que se trate.

5. O incidente desestimárase, en todo caso, cando existise cousa xulgada, ou cando a doutrina determinante da sentenza da que se postule a extensión for contraria á xurisprudencia do Tribunal Supremo ou á doutrina sentada polos tribunais superiores de xustiza no recurso a que se refire o artigo 99. Se se encontra pendente un recurso de revisión ou un recurso de casación en interese da lei, quedará en suspenso a decisión do incidente ata que se resolva o citado recurso.

Artigo 111.

Cando se acordase suspende-la tramitación dun ou máis recursos consonte o previsto no artigo 37.2, os recorrentes afectados pola suspensión poderanlle solicitar ó xuíz ou tribunal da execución que estenda ó seu favor os efectos da sentenza ou sentencias firmes recaídas nos recursos resoltos, consonte o establecido nos números 3, 4 e 5 do artigo anterior en canto resulten aplicables.

Artigo 112.

Transcorridos os prazos sinalados para o total cumprimento da sentenza, o xuíz ou tribunal adoptará, logo de audiencia das partes, as medidas necesarias para logra-la efectividade do mandado, e singularmente, logo de apercibimento, poderá:

a) Impoñerlles multas coercitivas de 25.000 a 250.000 pesetas ás autoridades, funcionarios ou axentes que incumpran os requirimentos do xulgado ou da sala, así como reiterar estas multas ata a completa execución da decisión xudicial, sen prexuízo doutras responsabilidades patrimoniais a que houber lugar. Á imposición destas multas seralle aplicable o previsto no artigo 48.

b) Deduci-lo oportuno testemuño de particulares para esixi-la responsabilidade penal que puidese corresponder.

Artigo 113.

1. Transcorrido o prazo de execución que se fixase no acordo a que se refire o artigo 77.3, calquera das partes poderá insta-la súa execución forzosa.

2. Se non se fixase prazo para o cumprimento das obrigas derivadas do acordo, a parte prexudicada poderalle requirir á outra o seu cumprimento e transcorridos dous meses poderá proceder a insta-la súa execución forzosa.

TÍTULO V

Procedementos especiais

CAPÍTULO I

Procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa

Artigo 114.

1. O procedemento de amparo xudicial das liberdades e dereitos, previsto no artigo 53.2 da Constitución española, rexerese, na orde contencioso-administrativa, polo disposto neste capítulo e, no non previsto nel, polas normas xerais da presente lei.

2. Poderanse facer valer neste proceso as pretensións a que se refiren os artigos 31 e 32, sempre que teñan como finalidade a de restablecer ou preservar os dereitos ou liberdades por razón dos cales o recurso fose formulado.

3. Para tódolos efectos, a tramitación destes recursos terá carácter preferente.

Artigo 115.

1. O prazo para interpoñer este recurso será de dez días, que se computarán, segundo os casos, desde o día seguinte ó de notificación do acto, publicación da disposición impugnada, requirimento para o cesamento da vía de feito, ou transcurso do prazo fixado para a resolución, sen máis trámites. Cando a lesión do dereito fundamental tivese a súa orixe na inactividade administrativa, ou se interpuxese potestativamente un recurso administrativo, ou, tratándose dunha actuación en vía de feito, non se formulase requirimento, o prazo de dez días iniciárase transcorridos vinte días desde a reclamación, a presentación do recurso ou o inicio da actuación administrativa en vía de feito, respectivamente.

2. No escrito de interposición exprésase con precisión e claridade o dereito ou dereitos dos que se pretende a súa tutela e, de maneira concisa, os argumentos substanciais que lle dean fundamento ó recurso.

Artigo 116.

1. No mesmo día da presentación do recurso ou no seguinte requirirase con carácter urxente o órgano administrativo correspondente, xuntando copia do escrito de interposición, para que no prazo máximo de cinco días, contados desde a recepción do requirimento, remita o expediente acompañado dos informes e datos que estime procedentes, con apercibimento de canto se establece no artigo 48.

2. Ó remitilo expediente, o órgano administrativo comunicarlle a tódolos que aparezan como interesados nel, achegando copia do escrito de interposición e emprazándoos para que poidan comparecer como demandados perante o xulgado ou sala no prazo de cinco días.

3. A Administración, co envío do expediente, e os demais demandados, ó compareceren, poderán solicitar razoadamente a inadmisión do recurso e a celebración da comparecencia a que se refire o artigo 117.2.

4. A falta de envío do expediente administrativo dentro do prazo previsto no número anterior non suspenderá o curso dos autos.

5. Cando o expediente administrativo se recibise no xulgado ou na sala unha vez transcorrido o prazo establecido no punto 1 deste artigo, poráselles de manifesto ás partes por un prazo de corenta e oito horas, no que poderán facer alegacións, e sen alteración do curso do procedemento.

Artigo 117.

1. Recibido o expediente ou transcorrido o prazo para a súa remisión e, se é o caso, o do emprazamento ós demais interesados, o órgano xurisdiccional, dentro do seguinte día, dictará auto no que mandará seguir as actuacións ou comunicaralles ás partes o motivo en que se puidese funda-la inadmisión do procedemento.

2. No suposto de posibles motivos de inadmisión do procedemento convocaranse as partes e o Ministerio Fiscal a unha comparecencia, que deberá ter lugar antes de transcorreren cinco días, na que serán oídos sobre a procedencia de lle dar ó recurso a tramitación prevista neste capítulo.

3. No seguinte día, o órgano xurisdiccional dictará un auto no que mandará proseguir as actuacións por este trámite ou acordará a súa inadmisión por inadecuación do procedemento.

Artigo 118.

Acordada a prosecución do procedemento especial deste capítulo, poránselle de manifesto ó recorrente o expediente e as demais actuacións para que no prazo improrrogable de oito días poida formaliza-la demanda e achega-los documentos.

Artigo 119.

Formalizada a demanda, daráselles traslado dela ó Ministerio Fiscal e ás partes demandadas para que, á vista do expediente, presenten as súas alegacións no prazo común e improrrogable de oito días e acompañen os documentos que estimen oportunos.

Artigo 120.

Formalizado o trámite de alegacións ou transcorrido o prazo para as efectuar, o órgano xurisdiccional decidirá no seguinte día sobre o recibimento a proba, consonte as normas xerais establecidas na presente lei, e sen prexuízo do disposto no artigo 57. O período probatorio non será en ningún caso superior a vinte días comúns para a súa proposición e práctica.

Artigo 121.

1. Concluídas as actuacións, o órgano xurisdiccional dictará sentenza no prazo de cinco días.

2. A sentenza estimará o recurso cando a disposición, a actuación ou o acto incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, mesmo na de desviación de poder, e cando como consecuencia dela vulneren un dereito dos susceptibles de amparo.

3. Contra as sentencias dos xulgados do contencioso-administrativo procederá sempre a apelación nun só efecto.

Artigo 122.

1. No caso de prohibición ou de proposta de modificación de reunións previstas na Lei orgánica reguladora

do dereito de reunión que non sexan aceptadas polos promotores, estes poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o tribunal competente. O recurso interporase dentro das corenta e oito horas seguintes á notificación da prohibición ou modificación, e os promotores trasladaranlle unha copia debidamente rexistrada do escrito do recurso á autoridade gobernativa, co obxecto de que esta remita inmediatamente o expediente.

2. O tribunal, no prazo improrrogable de catro días, e poñendo de manifesto o expediente se se recibise, convocará o representante legal da administración, o Ministerio Fiscal e os recorrentes ou a persoa que estes designen como representante a unha audiencia na que, de maneira contradictoria, oír a tódolos constituídos en parte e resolverá sen ulterior recurso.

3. A decisión que se adopte unicamente poderá manter ou revoga-la prohibición ou as modificacións propostas.

CAPÍTULO II

Cuestión de ilegalidade

Artigo 123.

1. O xuíz ou tribunal formulará, mediante auto, a cuestión de ilegalidade prevista no artigo 27.1 dentro dos cinco días seguintes a aquel en que conste nas actuacións a firmeza da sentenza. A cuestión terá que se cinxir exclusivamente a aquel ou aqueles preceptos regulamentarios a declaración de ilegalidade dos cales servise de base para a estimación da demanda. Contra o auto de formulación non se dará ningún recurso.

2. Neste auto acordarase empraza-las partes para que, no prazo de quince días, poidan comparecer e formular alegacións perante o tribunal competente para decidir sobre a cuestión. Transcorrido este prazo, non se admitirá a constitución en parte.

Artigo 124.

1. O xuíz ou o tribunal que formulase a cuestión remitirá urxentemente, xunto coa certificación do auto de formulación, unha copia testemuñada dos autos principais e mais do expediente administrativo.

2. A formulación da cuestión publicarase no mesmo periódico oficial en que o fose a disposición cuestionada.

Artigo 125.

1. Co escrito de constitución en parte e alegacións poderase xunta-la documentación que se estime oportuna para axuiza-la legalidade da disposición cuestionada.

2. Terminado o prazo de constitución en parte e alegacións, declararase conclusivo o procedemento. A sentenza dictarase nos dez días seguintes ó da dita declaración. Non obstante, o tribunal poderá rexeitar, en trámite de admisión, mediante auto e sen necesidade de audiencia das partes, a cuestión de ilegalidade cando faltaren as condicións procesuais.

3. O prazo para dictar sentenza quedará interrompido se, para mellor prover, o tribunal acordase reclamá-lo expediente de elaboración da disposición cuestionada ou practicar algunha proba de oficio. Nestes casos acordarase oí-las partes, por un prazo común de tres días, sobre o expediente ou o resultado da proba.

Artigo 126.

1. A sentenza estimará ou desestimarás parcial ou totalmente a cuestión, agás que faltar algún requisito procesual non emendable, caso en que a declarará inadmisibile.

2. Aplicaráselle á cuestión de ilegalidade o disposto para o recurso directo contra disposicións xerais nos artigos 33.3, 66, 70, 71.1.a), 71.2, 72.2 e 73. Publicarase tamén as sentencias firmes que desestimen a cuestión.

3. Unha vez firme a sentenza que resolva a cuestión de ilegalidade, comunicaráselle ó xuíz ou tribunal que a formulou.

4. Cando a cuestión de ilegalidade sexa de especial trascendencia para o desenvolvemento doutros procedementos, será obxecto de tramitación e resolución preferente.

5. A sentenza que resolva a cuestión de ilegalidade non afectará a situación xurídica concreta derivada da sentenza dictada polo xuíz ou o tribunal que formulou aquela.

CAPÍTULO III

Procedemento nos casos de suspensión administrativa previa de acordos

Artigo 127.

1. Nos casos en que, conforme as leis, a suspensión administrativa de actos ou acordos de corporacións ou entidades públicas deba ir seguida da impugnación ou traslado daqueles perante a xurisdicción contencioso-administrativa, procederase conforme o disposto neste precepto.

2. No prazo dos dez días seguintes á data en que se dictase o acto de suspensión ou no que a lei estableza, deberá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo mediante escrito fundado, ou dárselle traslado directo do acordo suspendido ó órgano xurisdiccional, segundo proceda, xuntando en todo caso unha copia do citado acto de suspensión.

3. Interposto o recurso ou trasladado o acordo suspendido, o órgano xurisdiccional requirirá a corporación ou entidade que o dictase para que no prazo de dez días remita o expediente administrativo, alegue o que estime conveniente en defensa daquel e notifique a cantos tivesen interese lexítimo no seu mantemento ou anulación a existencia do procedemento, para efectos da súa comparecencia perante o órgano xurisdiccional no prazo de dez días.

4. Recibido o expediente administrativo, o órgano xurisdiccional porá-lo de manifesto xunto coas actuacións ós comparecidos no procedemento, convocándoos para a celebración da vista, que se celebrará como mínimo ós dez días da posta de manifesto do expediente.

5. O órgano xurisdiccional poderá, motivadamente, substituí-lo trámite de vista polo de alegacións escritas, que se presentarán no prazo común dos dez días seguintes á notificación do auto en que así se acorde. Poderá tamén abrir un período de proba, para mellor prover, por prazo non superior a quince días.

6. Celebrada a vista ou deducidas as alegacións a que se refiren os números anteriores, dictarase sentenza pola que se anule ou confirme o acto ou acordo obxecto do recurso, dispoñendo o que proceda en canto á suspensión.

TÍTULO VI

Disposicións comúns ós títulos IV e V

CAPÍTULO I

Prazos

Artigo 128.

1. Os prazos son improrrogables e unha vez transcorridos terase por caducado o dereito e por perdido o trámite que se deixase de utilizar. Non obstante, admítese o escrito que proceda, e producirá os seus efectos legais, se se presentar dentro do día en que se notifique o auto, agás cando se trate de prazos para preparar ou interpoñer recursos.

2. Durante o mes de agosto non correrá o prazo para interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo nin ningún outro prazo dos previstos nesta lei agás para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

3. En casos de urxencia, ou cando as circunstancias do caso o fagan necesario, as partes poderanlle solicitar ó órgano xurisdiccional que habilite os días inhábiles no procedemento para a protección dos dereitos fundamentais ou no incidente de suspensión ou de adopción doutras medidas cautelares. O xuíz ou o tribunal oírás as demais partes e resolverá por auto no prazo de tres días, e acordarán en todo caso a habilitación cando a súa denegación puidese causar prexuízos irreversibles.

CAPÍTULO II

Medidas cautelares

Artigo 129.

1. Os interesados poderán solicitar en calquera estado do proceso a adopción de cantas medidas aseguren a efectividade da sentenza.

2. Se se impugnar unha disposición xeral, e se solicitar a suspensión da vixencia dos preceptos impugnados, a petición deberase efectuar no escrito de interposición ou no de demanda.

Artigo 130.

1. Logo de valoración circunstanciada de tódolos intereses en conflito, a medida cautelar poderase acordar unicamente cando a execución do acto ou a aplicación da disposición lle puidesen facer perder ó recurso a súa finalidade lexítima.

2. A medida cautelar poderase denegar cando desta se puidese seguir unha perturbación grave dos intereses xerais ou de terceiro que o xuíz ou tribunal ponderará en forma circunstanciada.

Artigo 131.

O incidente cautelar substanciarase en peza separada, con audiencia da parte contraria, nun prazo que non excederá de dez días, e será resolto por auto dentro dos cinco días seguintes. Se a Administración demandada aínda non comparecese, a audiencia entenderase co órgano autor da actividade impugnada.

Artigo 132.

1. As medidas cautelares estarán en vigor ata que recaia sentenza firme que poña fin ó procedemento no que se acordasen, ou ata que este finalice por calquera das causas previstas nesta lei. Non obstante, poderán ser modificadas ou revogadas durante o curso do procedemento se cambiasen as circunstancias en virtude das cales se adoptasen.

2. Non se poderán modificar ou revogar as medidas cautelares en razón dos distintos avances que se vaian facendo durante o proceso respecto á análise das cuestións formais ou de fondo que configuran o debate, e, tampouco, en razón da modificación dos criterios de valoración que o xuíz ou tribunal lles aplicou ós feitos ó decidi-lo incidente cautelar.

Artigo 133.

1. Cando da medida cautelar se puideren derivar prexuízos de calquera natureza, poderán acordarse as medidas que sexan adecuadas para evitar ou paliar os devanditos prexuízos. Igualmente, poderase esixir a presentación de caución ou garantía suficiente para responder daqueles.

2. A caución ou garantía poderase constituír en calquera das formas admitidas en dereito. A medida cautelar acordada non se levará a efecto ata que a caución ou garantía estea constituída e acreditada en autos, ou ata que conste o cumprimento das medidas acordadas para evitar ou paliar os prexuízos a que se refire o número precedente.

3. Levantada a medida por sentenza ou por calquera outra causa, a Administración, ou a persoa que pretender ter dereito á indemnización dos danos sufridos, poderá solicitar esta perante o propio órgano xurisdiccional polo trámite dos incidentes, dentro do ano seguinte ó da data do levantamento. Se non se formulase a solicitude dentro do citado prazo, se renunciase a ela ou non se acreditase o dereito, cancelarase a garantía constituída.

Artigo 134.

1. O auto que acorde a medida comunicaráselle ó órgano administrativo correspondente, o cal disporá o seu inmediato cumprimento, sendo de aplicación o disposto no capítulo IV do título IV, agás o artigo 104.2

2. A suspensión da vixencia de disposicións de carácter xeral será publicada consonte o disposto no artigo 107.2. Observarase o mesmo cando a suspensión se refira a un acto administrativo que afecte unha pluralidade indeterminada de persoas.

Artigo 135.

O xuíz ou tribunal, atendidas as circunstancias de especial urxencia que concorran no caso, adoptará a medida sen oír-la parte contraria. Contra este auto non se dará ningún recurso. Na mesma resolución, o xuíz ou tribunal convocará as partes a unha comparecencia, que se terá que celebrar dentro dos tres días seguintes, sobre o levantamento, mantemento ou modificación da medida adoptada. Realizada a comparecencia, o xuíz ou tribunal dictará auto, o cal será obxecto de recurso conforme as regras xerais.

Artigo 136.

1. Nos supostos dos artigos 29 e 30, a medida cautelar adoptárase agás que se aprecie con evidencia que non se dan as situacións previstas nos referidos artigos ou a medida ocasione unha perturbación grave dos intereses xerais ou de terceiro, que o xuíz ponderará en forma circunstanciada.

2. Nos supostos do número anterior, as medidas tamén se poderán solicitar antes da interposición do recurso, tramitándose conforme o disposto no artigo precedente. En tal caso o interesado terá que lle pedi-la ratificación ó interpoñe-lo recurso, o que terá que se facer inescusablemente no prazo de dez días contados desde a notificación da adopción das medidas cautelares. Nos tres días seguintes convocarase a comparecencia á que fai referencia o artigo anterior.

De non se interpoñe-lo recurso, quedarán automaticamente sen efecto as medidas acordadas; o solicitante deberá indemnizar polos danos e perdas que a medida cautelar producise.

CAPÍTULO III

Incidentes e invalidez de actos procesuais

Artigo 137.

Tódalas cuestións incidentais que se susciten no proceso, substanciaranse en peza separada e sen suspenderlo curso dos autos.

Artigo 138.

1. Cando se alegue que algún dos actos das partes non reúne os requisitos establecidos pola presente lei, a que se atope en tal suposto poderá emenda-lo defecto ou opoñe-lo que estime pertinente dentro dos dez días seguintes ó da notificación do escrito que conteña a alegación.

2. Cando o órgano xurisdiccional, de oficio, aprecie a existencia dalgún defecto emendable, dictará providencia en que o indique e outorgue o mencionado prazo para a emenda, con suspensión, se é o caso, do fixado para dictar sentenza.

3. Só cando o defecto non sexa emendable ou non se emende debidamente en prazo, poderá ser decidido o recurso con fundamento en tal defecto.

CAPÍTULO IV

Custas procesuais

Artigo 139.

1. En primeira ou única instancia, o órgano xurisdiccional, ó dictar sentenza ou ó resolver por auto os recursos ou incidentes que perante el se promoveren, imporalle as custas, razoándoo debidamente, á parte que sostiver a súa acción ou interpuxer os recursos con mala fe ou temeridade.

Malia o disposto no parágrafo anterior, imporánselle as custas á parte da que as pretensións fosen desestimadas cando doutra maneira se lle faría perder ó recurso a súa finalidade.

2. Nas demais instancias ou graos imporánselle ó recorrente se se desestima totalmente o recurso, agás que o órgano xurisdiccional, razoándoo debidamente,

aprecie a concorrencia de circunstancias que xustifiquen a súa non-imposición.

3. A imposición das custas poderá ser á totalidade, a unha parte destas ou ata unha cifra máxima.

4. Para a exacción das custas impostas a particulares, a Administración acreedora utilizará o procedemento de constrinximento, en defecto de pagamento voluntario.

5. En ningún caso se lle imporán as custas ó Ministerio Fiscal.

6. As custas causadas nos autos serán reguladas e taxadas segundo o disposto na Lei de axuizamento civil.

Disposición adicional primeira. *Territorios históricos e Comisión Arbitral do País Vasco.*

1. Na Comunidade Autónoma do País Vasco, a referencia do número 2 do artigo 1 desta lei inclúe as deputacións forais e a Administración institucional dependente delas. Así mesmo, a referencia do número 3, letra a), do artigo 1 inclúe os actos e disposicións en materia de persoal e xestión patrimonial suxeitos ó dereito público adoptados polos órganos competentes das xuntas xerais dos territorios históricos.

2. Non corresponde á xurisdicción contencioso-administrativa o coñecemento das decisións ou resolucións dictadas pola comisión arbitral a que se refire o artigo 39 do Estatuto de autonomía do País Vasco.

Disposición adicional segunda. *Actualización de contías.*

O Goberno queda autorizado para actualizar cada cinco anos as contías sinaladas nesta lei, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Consello de Estado.

Disposición adicional terceira. *Rexistro de sentencias.*

1. As salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza, da Audiencia Nacional e do Tribunal Supremo remitiranlle ó Consello Xeral do Poder Xudicial, dentro dos dez días seguintes á súa sinatura, testemuño das sentencias dictadas nos procesos de que coñezan.

2. O Consello Xeral do Poder Xudicial constituirá, coas ditas sentencias, un rexistro, as certificacións do cal farán fe en todo tipo de procesos.

Disposición adicional cuarta. *Recursos contra determinados actos, resolucións e disposicións.*

Serán susceptibles de recurso:

1. Os actos administrativos non susceptibles de recurso ordinario dictados polo Banco de España e as resolucións do ministro de Economía e Facenda que resolvan recursos ordinarios contra actos dictados polo Banco de España, así como as disposicións dictadas pola citada entidade, directamente, en única instancia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional de conformidade co disposto na Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España.

2. Os actos administrativos non susceptibles de recurso ordinario dictados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e as resolucións do ministro de Economía e Facenda que resolvan recursos ordinarios contra actos dictados pola Comisión Nacional do Mercado de

Valores, así como as disposicións dictadas pola citada entidade, directamente, en única instancia, perante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

3. As resolucións do Tribunal de Defensa da Competencia, directamente, en única instancia, perante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

4. As resolucións da Xunta Arbitral regulada pola Lei orgánica 3/1996, do 27 de decembro, de modificación parcial da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, directamente, en única instancia, perante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

5. Os actos administrativos dictados pola Axencia de Protección de Datos, Comisión do Sistema Eléctrico Nacional, Comisión do Mercado das Telecomunicacións, Consello Económico e Social, Instituto Cervantes, Consello de Seguridade Nuclear e Consello de Universidades, directamente, en única instancia, perante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

Disposición adicional quinta. *Modificación do texto refundido da Lei de procedemento laboral.*

O artigo 3 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado mediante Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, queda redactado como segue:

«1. Os órganos xurisdiccionais da orde social non coñecerán:

a) Da tutela dos dereitos de liberdade sindical e do dereito a folga relativa ós funcionarios públicos e ó persoal a que se refire o artigo 1.3.a) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

b) Das resolucións dictadas pola Tesourería Xeral da Seguridade Social en materia de xestión recadatoria ou, se é o caso, polas entidades xestoras no suposto de cotas de recadación conxunta, así como das relativas ás actas de liquidación e de infracción.

c) Das pretensións que versen sobre a impugnación das disposicións xerais e actos das administracións públicas suxeitos ó dereito administrativo en materia laboral, agás os que se expresan no número seguinte.

2. Os órganos xurisdiccionais da orde social coñecerán, en todo caso, e logo de reclamación nos termos previstos nos artigos 69 a 73 do presente texto refundido, perante a Administración pública correspondente, das pretensións sobre:

a) As resolucións administrativas relativas á imposición de calquera sanción por todo tipo de infraccións de orde social, coa excepción prevista na letra b) do número 1 deste artigo.

b) As resolucións administrativas relativas a regulación de emprego e actuación administrativa en materia de traslados colectivos.»

Disposición adicional sexta. *Modificación do texto articulado da Lei de bases sobre o procedemento económico-administrativo.*

O artigo 40 do texto articulado da Lei de bases 39/1980, do 5 de xullo, sobre o procedemento económico-administrativo, aprobado polo Real decreto legislativo 2795/1980, do 12 de decembro, queda redactado como segue:

«1. As resolucións do ministro de Economía e Facenda e do Tribunal Económico-Administrativo Central serán susceptibles de recurso por vía contencioso-administrativa perante a Audiencia Nacional, agás as resolucións dictadas polo Tribunal Económico-Administrativo Central en materia de tributos cedidos, que serán susceptibles de recurso perante o Tribunal Superior de Xustiza competente.

2. Contra as resolucións dictadas polos tribunais económico-administrativos rexionais e locais que poñan fin á vía económico-administrativa poderase recorrer perante o Tribunal Superior de Xustiza competente.»

Disposición transitoria primeira. *Asuntos da competencia dos xulgados do contencioso-administrativo.*

1. Os procesos pendentes perante as salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza a competencia dos cales lles corresponda, conforme esta Lei, ós xulgados do contencioso-administrativo, continuarán tramitándose perante as referidas salas ata a súa conclusión.

2. Entremetres non entren en funcionamento os xulgados do contencioso-administrativo, as salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza exercerán competencia para coñecer dos procesos que, conforme esta lei, se lles atribúisen ós xulgados. Nestes casos, o réxime de recursos será o establecido nesta lei para as sentencias dictadas en segunda instancia polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza.

Disposición transitoria segunda. *Procedemento ordinario.*

1. Os recursos contencioso-administrativos interpostos con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán substanciándose conforme as normas que rexían na data da súa iniciación.

2. Emporiso, cando o prazo para dictar sentenza en tales procesos se iniciar con posterioridade á entrada en vigor desta lei, farase aplicación na sentenza do disposto na sección 8.^a do capítulo I do título IV. Se tiver que se aplicar un precepto que supuxer innovación, outorgaráselles ás partes un prazo común extraordinario de dez días para as oír sobre iso.

3. Serán así mesmo aplicables as regras da sección 9.^a do capítulo I do título IV a tódolos recursos contencioso-administrativos en que non dictase sentenza á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria terceira. *Recursos de casación.*

1. O réxime dos distintos recursos de casación regulados nesta lei será de plena aplicación ás resolucións das salas do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza que se dicten con posterioridade á súa entrada en vigor e ás de data anterior cando ó se producir aquela non transcorresen os prazos establecidos na normativa precedente para preparar ou interpoñer o recurso de casación que proceder. Neste último caso, o prazo para preparar ou interpoñer o recurso de casación que corresponda consonte esta lei contarase desde a data da súa entrada en vigor.

2. Os recursos de casación preparados con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse pola lexislación anterior.

Disposición transitoria cuarta. *Execución de sentencias.*

A execución das sentencias firmes dictadas despois da entrada en vigor desta lei levarase a cabo segundo o disposto nela. As dictadas con anterioridade das que non constar en autos a súa total execución executaranse no pendente consonte ela.

Disposición transitoria quinta. *Procedemento especial para a protección dos dereitos fundamentais da persoa.*

Os recursos interpostos en materia de protección dos dereitos fundamentais da persoa con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán substanciándose polas normas que rexían na data da súa iniciación.

Disposición transitoria sexta. *Cuestión de ilegalidade.*

A cuestión de ilegalidade só se poderá suscitar en tódolos procedementos en que a sentenza adquira firmeza desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria sétima. *Procedemento especial en materia de suspensión administrativa de acordos.*

O réxime do procedemento especial nos casos de suspensión administrativa de acordos regulado no artigo 127 será de aplicación ás impugnacións e traslados de actos suspendidos que teñan lugar con posterioridade á súa entrada en vigor, aínda que os ditos actos fosen dictados antes desa data.

Disposición transitoria oitava. *Medidas cautelares.*

Nos procedementos pendentes á entrada en vigor desta lei poderanse solicitar e acordar as medidas cautelares previstas no capítulo II do título VI.

Disposición transitoria novena. *Custas procesuais.*

O réxime de custas procesuais establecido nesta lei será aplicable ós procesos e ós recursos que se inicien ou promovan con posterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria primeira. *Cláusula xeral de derogación.*

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que se opoñan á presente lei.

Disposición derogatoria segunda. *Derogación de normas.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) A lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, do 27 de decembro de 1956.

b) Os artigos 114 e 249 da Lei 118/1973, do 12 de xaneiro, texto refundido da Lei de reforma e desenvolvemento agrario.

c) Os artigos 6, 7, 8, 9 e 10 da Lei 62/1978, do 26 de decembro, de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa.

d) O punto 3 do artigo 110 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira primeira. *Supletoriedade da Lei de axuízamento civil.*

No non previsto por esta lei, rexerá como supletoria a de axuízamento civil.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento da lei.*

Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento da presente Lei sexan necesarias. En concreto, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, regulará a organización e réxime de acceso ó rexistro previsto na disposición adicional terceira. Ó mesmo tempo, o Goberno elaborará os programas necesarios para a instauración dos órganos unipersoais do contencioso-administrativo no período comprendido entre 1998 e 2000, correspondéndolle ó Consello Xeral do Poder Xudicial e ó Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, ó órgano competente da Comunidade Autónoma o desenvolvemento e execución, dentro do ámbito das súas respectivas competencias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor ós cinco meses da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, agás no tocante á atribución á xurisdicción social das materias comprendidas na letra a) do número 2 do artigo 3 da Lei de procedemento laboral, que o fará ó ano da entrada en vigor do resto da lei.

Por tanto,

Mando a tódolos españoles, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ